

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 3/2021

SESION ORDINARIA DO 31 DE MARZO DE 2021

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 27 de xaneiro e ordinaria do 24 de febreiro do 2021.

Declaracións institucionais.

- 2.** Declaración Institucional presentada pola Federación Galega de enfermidades raras e crónicas (FEGEREC) polo Día Mundial das enfermidades raras 2021. Rexistro Pleno 2842/1101.

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Modificación Orzamentaria nº 23/2021. Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario financiado con remanente líquido de Tesourería. Expte. 830/441 (Rexistro Pleno 2848/1101).
- 4.** Aprobación inicial do proxecto de modificación da Ordenanza reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil. Expte. 2701/500. (Rexistro Pleno 2846/1101)
- 5.** Dar conta da Resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento do Concello e do seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao exercicio 2019. Expte. 176/143 (Rexistro Pleno 2836/1101)
- 6.** Dar conta do informe da Intervención e do resumo dos resultados do control interno do exercicio 2020. Expte. 102816/140 (Rexistro Pleno 2845/1101)
- 7.** Dar conta da Memoria do Tribunal Económico-Administrativo correspondente ó exercicio 2020. Expte. 5318/550 (Rexistro Pleno 2849/1101)

8. Dar conta do Plan anual de auditorías e control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2020. Expte 102820/140 (Rexistro Pleno 2843/1101)
9. Dar conta da Resolución da Alcaldía de data de 11.03.21 polo que se aproba o perímetro de consolidación e os marcos orzamentarios para o período 2022-2024. Expte. 178/143 (Rexistro Pleno 2847/1101)

Mocións resolutivas.

10. Moción do concelleiro membro non adscrito sobre as medidas necesarias fronte á crise industrial e comercial na cidade de Vigo. Rexistro Pleno 2871/1101.
11. Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno central a poñer solución a tódalas carencias estruturais da cidade de Vigo, no que a competencias estatais se refire. Rexistro Pleno 2873/1101.
12. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a realizar unha achega económica de 500.000 euros para a celebración do festival "O Marisquiño". Rexistro Pleno 2874/1101.
13. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a aprobación do proxecto de eliminación de risco de inundación do río Lagares ao seu paso polo polígono do Caramuxo, tramitación administrativa e execución inmediata. Rexistro Pleno 2875/1101.

PARTE DE CONTROL

14. Dar conta de resolucións da Alcaldía dende o 15.02 ao 17.03.2021. Expte. 986/1102 (Rexistro Pleno 2862/1101).
15. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as dende o 15.02 ao 17.03.2021. Expte. 987/1102 (Rexistro Pleno 2863/1101).

Mocións de control.

16. Moción do grupo municipal Mixto sobre control de prezos de alugueiros abusivos, garantías para persoas arrendatarias e pequenos propietarios/as. Rexistro Pleno 2865/1101.

17. Formulación de rogos.

18. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Caballero Álvarez Abél Ramón (P)
Aguiar Castro Yolanda (T)
Aneiros Pereira Jaime (P)
Blanco Iglesias Eugenia Dolores (T)
Caride Estévez María José (P)
Espinosa Mangana Elena (P)
Estévez Rodríguez Pablo Luis (T)
Fernández Pérez José Manuel (T)
Gómez Díaz Gorka(P)
Iglesias González Ana Laura (T)
Lago Barreiro María del Carmen (T)
López Font Carlos (P)
Losada Alvarez Abel Fermín (T)
Mejías Sacaluga Ana Maria (T)
Pardo Espiñeira Francisco Javier (P)
Rivas González Ángel (T)
Rodríguez Calviño Patricia (T)
Rodríguez Díaz Santos Héctor (T)
Rodríguez Rodríguez Nuria (T)
Silva Rego M^a del Carmen (P)

Egerique Mosquera Teresa (T)
González Castillo Jesús Marco (T)
López Román Patricia (T)
Marnotes González José Alfonso (P)

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana (T)
Pérez Correa Ruben (P)

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier (P)

Con motivo da situación sanitaria provocada pola pandemia COVID-19 e de conformidade co sinalado na Resolución de 12.06.2020 da Secretaría xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a sesión celébrase mediante asistencia presencial (P) e asistencia telemática por videoconferencia (T).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo sendo as 9 horas e doce minutos do día trinta e un de marzo do ano dous mil vinteun, baixo a Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez e a asistencia presencial e telemática dos concelleiros e concelleiras relacionados, actuando como Secretario Xeral do Pleno D. Jose Riesgo Boluda, presente na Sala, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación municipal do Concello de Vigo en sesión ORDINARIA conforme Resolución de convocatoria de data 26 de marzo.

Está presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, D. Alberto Escaríz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(41). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 27 DE XANEIRO E ORDINARIA DO 24 DE FEBREIRO DO 2021.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Rodríguez Calviño.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e seis membros da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións: ordinaria do 27 de xaneiro e ordinaria do 24 de febreiro de 2021.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2(42). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PRESENTADA POLA FEDERACIÓN GALEGA DE ENFERMIDADES RARAS E CRÓNICAS (FEGEREC) POLO DÍA MUNDIAL DAS ENFERMIDADES RARAS 2021. REXISTRO PLENO 2842/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de marzo, número 2842/1101, escrito da FEDER, Federación española de enfermedades raras, que di o que segue:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DÍA MUNDIAL DE LAS ENFERMEDADES RARAS 2021

En Europa, las enfermedades raras son aquellas cuya prevalencia está por debajo de 5 por cada 10.000 habitantes. La mitad de las familias con enfermedades poco frecuentes esperan más de 4 años para lograr un diagnóstico, además de que sólo el 5% de las más de 6.100 identificadas en todo el mundo tiene tratamiento. Las más de 3.000.000 (200.000 en Galicia) que se estima conviven con estas patologías en España, o están en busca de diagnóstico, han constituido siempre un colectivo vulnerable y con necesidades específicas al convivir con enfermedades genéticas, crónicas, multisistémicas y degenerativas.

El COVID-19 que ha supuesto que 9 de cada 10 hayan visto interrumpida la atención social y sanitaria de su enfermedad, y ha puesto de relieve la importancia de la coordinación social y sanitaria, de la investigación como única fórmula para lograr una solución o del valor de contar con profesionales preparados y comprometidos estructuras y estrategias que aseguran el acceso equitativo al diagnóstico y tratamiento. Se ha demostrado que las organizaciones de pacientes son punto de referencia para frenar el desconocimiento y que la coordinación entre plataformas del sector nos permita abrirnos paso ante las necesidades comunes de las personas con enfermedades crónicas y discapacidad.

Con esta pandemia se ha demostrado la importancia de la coordinación de los esfuerzos nacionales internacionales, así como la colaboración pública-privada con el objetivo de desarrollar una solución que se ha traducido en una vacuna. Es decir, cuando invertimos en investigación y se desarrolla de forma colaborativa, ésta es posible.

También se ha demostrado que muchas propuestas que venían trasladando el colectivo de enfermedades raras desde hace años eran efectivas, como el Registro de enfermedades Raras o como la innovación desarrollada para garantizar la continuidad socioeducativa de los menores vía telemática o la puesta en marcha del tratamiento domiciliario y telemático, mejorando la autonomía y calidad de vida del pacientes.

Creemos que estos modelos son la puerta de entrada a nuevas fórmulas que reduzcan la falta de equidad en otros procesos como es el acceso a diagnóstico. Un proceso que debemos acompañar instando al gobierno al reconocimiento de la especialidad de Genética Clínica en España.

Ahora más que nunca, en el marco del Día Mundial de las Enfermedades Raras que se celebra este 28 de febrero, FEDER y FEGEREC ponen de relieve la importancia del COMPROMISO, incrementando la inversión en investigación para hacerla posible, la LUCHA, motivando la cooperación entre comunidades autónomas para hacer frente a una problemática común de la mano de Estrategias en enfermedades raras, y la UNIÓN necesaria para intercambiar conocimiento y ofrecer una mejor atención y coordinación entre profesionales sociales y sanitarios a través del sistema de Centros, Servicios y Unidades de Referencia y su coordinación con Europa. Estos valores se potenciarán si van de la mano de la ESPERANZA de las familias para conseguirlo.

Este Día Mundial de las Enfermedades Raras 2021, más que nunca, queremos trabajar en red, reconociendo el papel de las organizaciones de pacientes, que han demostrado ser la respuesta a las familias cuando más lo necesitan confirmando que JUNTOS PODEMOS LOGRARLO.

DELIBERACIONES. Constan no archivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimiento dos membros presentes da Corporación.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3(43). MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 23/2021. SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA. EXPTE. 830/441 (REXISTRO PLENO 2848/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 25 de marzo de 2021, o concelleiro de Orzamentos e Facenda emite a seguinte proposta,

“Antecedentes

Memoria xustificativa da Área de Fomento na que se relacionan os investimentos é a súa necesidade.

Resolución da Alcaldía de incoación do expediente.

Xustificación da modificación.

En relación aos empregos e aplicación do Remanente Líquido de Tesourería, hai distintos niveis de xustificación:

a) De tipo legal.

A Comisión Europea acordou a suspensión temporal do Pacto de Estabilidade e Crecemento, que obriga a manter baixo control o déficit e a débeda. A Comisión Europea e o Consello aprobaron o pasado marzo de 2020 activar a cláusula xeral de salvagarda, no mes de setembro, comunicouse que a cláusula de salvagarda manterase activa en 2021.

Dita activación implica que non se suspenden os procedementos do Pacto de Estabilidade e Crecemento, pero permite aos Estados membros pospor e deixar en suspenso a senda de consolidación fixada con anterioridade á crise.

Por tanto, a suspensión das regras fiscais prodúcese en cumprimento das medidas adoptadas pola UE para reforzar a resposta á crise e desenvolver un marco de reconstrución, transformación e resiliencia para seguir avanzando.

O Goberno, na sesión do Consello de Ministros de data 6 de outubro de 2020, aprobou a suspensión da senda de estabilidade vixente. Tamén deu a posibilidade de utilización do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, non computando os empregos nos anos 2020/2021.

Con estas medidas quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e de débeda pública para 2021, así como os fixados para o período 2021-2023 aprobados polas Cortes Xerais en marzo do ano 2020 e que quedaron desfasados na situación actual. A pesar diso, fíxanse uns niveis de déficit de referencia que servirán para permitir o funcionamento orzamentario ordinario de ambos os exercicios.

O Goberno fixou unhas taxas de déficit de referencia que serven como orientación e guía. O déficit de referencia para España no ano 2020 será do 11,3 e do 7,7% para 2021.

As entidades locais terán un déficit de referencia aproximado do 0,1% no ano 2021.

b) De tipo técnico.

En relación cos empregos que se relacionan neste expediente, faise constar a inaprazabilidade do gasto, tendo en conta as necesidades de mellora técnica que requiren determinadas actuacións públicas contidas na relación de proxectos.

c) De oportunidade.

Supón a aplicación dos aforros municipais a satisfacer necesidades que melloran a calidade de vida dos cidadás, nun marco económico e orzamentario excepcional.

d) Memoria xustificativa dos investimentos.

e) A xustificación mais rigorosa é a necesidade legal de imputar o gasto financiado co Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais ao Orzamento do ano 2021, ao ser este o marco establecido para a suspensión das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria e Regra de gasto, xa que a do endebedamento, ao Concello de Vigo non lle afecta, por NON ter endebedamento financeiro. Todo elo sen prexuízo da decisión que adopte a Comisión Europea e a proposta sobre a activación tamén para o ano 2022 da cláusula xeral de escape, que permitiría que no ano 2022, non se estivese ao cumprimento das regras fiscais que conforman o pacto de estabilidade e crecemento.

Queda, por tanto, debidamente xustificada a tramitación do expediente número 830/441 que impulsa a Área de Fomento que financia con RLTX, os empregos que se relacionan, que teñen que executarse no ano 2021.

Queda igualmente xustificada a inaprazabilidade dos empregos a financiar co recurso financeiro que conforma o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Normativa de aplicación

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL), coa modificación incorporada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolucións do Sr. Alcalde Presidente de 18 e 26 de xuño de 2019 sobre delegación de competencias (texto refundido do 04/09/2020).

Bases de Execución do Orzamento.

A suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento.

O Acordo do Consello de Ministros polo que se suspende os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebemento para o período 2020 e 2021 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

Expediente que se tramita

En execución da memoria xustificativa e da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº 23/2021, que está conformado da seguinte documentación:

- Informe xustificativo dá Área de Fomento en relación cos empregos, necesidades a satisfacer xustificación da súa inaprazabilidade, sendo esta a causa da tramitación do expediente de modificación orzamentaria nº 23/2021.
- En relación co cumprimento das regras fiscais de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, están suspendidas para o ano 2020 e 2021.

- Faise unha análise do marco de peche do exercicio 2021, que sen prexuízo da suspensión das devanditas regras, coa execución dos proxectos e gastos financiados co Remanente Líquido de Tesourería, permite ter unha visión das variables fiscais en relación coa Liquidación do Orzamento do ano 2021.
- Achégase ao expediente estudo da proxección dos gastos e ingresos ao peche do ano 2021, que permite a avaliación do obxectivo de estabilidade para o devandito período sempre tendo en conta as hipóteses nas que se proxecta a execución.
- En canto á Regra de Gasto, tamén está en suspenso o obxectivo fiscal, polo que non procede facer a análise de peche, descoñecendo como se vai a fixar a base para a liquidación do orzamento do ano 2022 ou se se mantén activada a cláusula xeral de escape para ese ano, como se calcula a variable para o ano 2023.
- Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2021 ni no marco orzamentario de medio prazo, a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.
- Incorporárase ao expediente a dispoñibilidade do recurso financeiro que conforma o Remanente Líquido de Tesourería.

Tramitación e aprobación do expediente

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de marzo de 2021, aprobou a Modificación Orzamentaria Crédito Extraordinario-Suplemento de Crédito nº 23/2021, correspondente ao expediente 830/441, sendo os empregos os relacionados no expediente e na proposta, que teñen por obxectivo a execución de novos proxectos así como o remate de outros.

En aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, o 15 de marzo de 2021 fixouse o calendario para que os grupos políticos municipais puidesen presentar emendas á Modificación orzamentaria nº 23/2021, tramitada no expediente 830/441. O prazo fixado comezou o día 15/03/2021 e rematou ás 14,00 horas do día 24/03/2021.

Dacordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno con data 15/03/2021, coa mesma data, autorízase a todos os Concelleiros que conforman o Pleno, o acceso ao expediente coa finalidade de que poidan consultar e imprimir todos os documentos que consideren necesario para o estudo, emenda e formación da vontade sobre o pronunciamento que adopten no expediente, quedando así garantida a posta a disposición da documentación que conforma o expediente para o estudo e a formación da vontade dos Grupos Políticos Municipais e Membros non adscritos.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais e Membros non adscritos, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas á modificación orzamentaria no prazo previsto pola Comisión Informativa do que queda constancia no expediente coa data 24/03/2021, rexistradas na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente electrónico.

Emendas presentadas

O informe que se achega ao expediente sobre a avaliación das emendas enumera, en algún caso, que a emenda non ten amparo legal por estar os empregos adicados a competencias impropias ou por superar a proposta a contía da modificación que aprobou a Xunta de Goberno Local. Neste

caso, a emenda está a incrementar a contía do gasto proposto, en consecuencia, sen amparo no Regulamento Orgánico do Pleno e superando a contía do informado e do aprobado.

Noutros casos, as emendas fan unha proposta política: un uso alternativo dos recursos.

A tres emendas conteñen algún dos supostos relacionados, que se detallan no informe técnico.

EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, con data 24/03/2021, rexistrada na mesma data, o Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal Populares de Vigo, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2866/1101, presentou emenda á totalidade.

A emenda ten por obxectivo aplicar os recursos aos fins que o voceiro considera máis rendibles para súa formación, mentres que a proposta contida no expediente 830/441, está a ter en conta as necesidades da cidade e, sobre todo, os principios recollidos nos empregos dos fondos para a recuperación e resiliencia, programa *Next Generation EU*, cuxo obxectivo e o impulso para o crecemento económico.

Atender á pretensión reflectida na emenda, cando se requiran os fondos para o cofinanciamento, non se disporían dos recursos, polo tanto, non se podería acreditar o compromiso de dispoñibilidade de fondos para facer fronte ao financiamento da entidade.

A emenda, que non ten una cuantificación precisa dos recursos financeiros a utilizar, solicita máis fondos para abordar máis peonalizacións, máis asfaltados e 10 millóns adicionais para política social, así como fondos dirixidos ao comercio e hostalería.

Propón, en definitiva, que se consuma o total do Remanente de Tesourería dispoñible, o cal, de ser así, deixaría ao Concello sen recursos para programa *Next Generation EU*.

A emenda, agás da contía que propón a política social, sen ningunha especificación, resulta unha xeneralidade imposible de abordar, e propón a devolución do expediente.

EMENDA PRESENTADA POLO CONCELLEIRO D. XABIER PÉREZ IGLESIAS, MEMBRO NON ADSCRITO DO PLENO.

En data 22/03/2021, o Concelleiro, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, presentou unha emenda complementaria, que non se pode cualificar como parcial nin á totalidade co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2864/1101.

A emenda que segundo se fai constar é parcial, aínda que esta cualificación está reservada para alterar algún dos empregos que figuran na proposta, neste caso, propón incrementar a contía desta modificación até o 36.591.535,82 euros, é dicir, aumenta en 23.500.000,00 euros o contido da proposta, sen ter en conta outras necesidade a cubrir nin o marco de competencias establecido polo lexislador nin no programa programa *Next Generation EU*.

Neste sentido, parece que é intención do Sr. Concelleiro eméndante abocar ao Concello a unha situación de falta de liquidez e a dispoñibilidade total do recurso financeiro que conforma o RLT aos efectos do seu esgotamento, de tal forma que o Concello non sexa capaz de asumir os compromisos de financiamento do plan de recuperación e resiliencia.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO.

En data 22/03/2021, a Concelleira Dona Oriana Méndez Fuentes e o Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2867/1101, presentan emenda á totalidade, incorporando os novos empregos, aínda que, non solicitando a devolución do expediente á Xunta de Goberno Local .

A emenda propón unha aplicación alternativa da contía total da modificación, das que practicamente na súa totalidade os empregos propostos non se axustan ao marco competencial das Entidades Locais Galegas, sen prexuízo de que os propoñentes teñan unha visión do marco normativo que vai máis aló do previsto polo lexislador.

En todo caso, en aplicación do previsto no marco competencial regulamentado no artigo 25 da LBRL, de atender á pretensión dos Srs. Concelleiros, esta modificación sería inexecutable. O informe técnico deixa acreditado que os empregos propostos non conforman o marco de competencias propias, aínda que algunhas entidades optasen por non respectar o marco xurídico de aplicación.

É un principio básico que os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, polo que, o Concello non debe atender aquelas demandas, propostas, emendas ou accións que non se acomoden ao ordenamento xurídico.

A vista da documentación relacionada, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, formúlase proposta ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa, para adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE REXEITAMENTO DAS EMENDAS

PRIMEIRO.- Rexeitar a emenda a totalidade presentada polo Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal Populares de Vigo, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2866/1101, por representar unha proposta alternativa da aplicación dos empregos á proposta e aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 12/03/2021, así como propor uns usos incompatibles co principio de prudencia e do marco competencias regulado na LBRL.

SEGUNDO.- Rexeitar a emenda parcial e a totalidade do Sr. Concelleiro, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2864/1101, a propor a aplicación dunha gran parte dos recursos financeiros a competencias impropias.

A emenda engloba un grupo de empregos adicionais que desborda a contía aprobada en 23.500.000,00 euros, o que supón o esgotamento do recurso financeiro que conforma o RLT, e impediría que o Concello poida cofinanciar os fondos contidos no programa next generation EU.

A proposta alternativa de novos empregos, libera a Xunta de Galicia das súas obrigas e competencias para que sexa o Concello quen as asuma.

TERCEIRO.- Rexeitar a emenda a totalidade presentada pola Concelleira Dona Oriana Méndez Fuentes e o Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2867/1101. Propón empregos alternativos que non están incluídos nas competencias propias regulamentadas no artigo 25 da LBRL.

A argumentación de empregos non axustados a normativa vixente resulta redundante, e ao igual que as anteriores emendas, teñen que ter outro axente financiador, que é a Xunta de Galicia, que

é a administración que ten a competencia e a que recibe as axudas estatais con cargo ao fondo de 16 mil millóns, quen ten que financiar esta liña de axudas.

O Real Decreto Lei 5/2021, de 12 de marzo, regula un novo fondo de 7.000 millóns que xestionarán as CCAA para o outorgamento de axudas directas a autónomos e empresas.

CUARTO.- Manter a proposta formulada ao Pleno da Corporación, asinada polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 21/03/2021 que se engade, non habendo alteración algunha en relación coa aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 12 de marzo de 2021.

QUINTO.- Ao non alterar os recursos nin empregos do expediente informado polo Sr. Interventor Xeral o 11/03/2021, non require sometelo a novo informe.

SEXTO.- Unha vez votada o rexeitamento das emendas, sométese ao Pleno da Corporación, co ditame da Comisión Informativa a seguinte proposta:

De seguido o concelleiro emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo,

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 25.03.21, rexeita as emendas e ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO SR. PÉREZ IGLESIAS: Con un voto a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, seis abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Mendez Fuentes, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitado.

VOTACIÓN DO FONDO: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete votos en contra do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase, conforme o ditame emitido na Comisión Informativa, o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Rexeitar a emenda a totalidade presentada polo Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes González, voceiro do Grupo Municipal Populares de Vigo, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2866/1101, por representar unha proposta alternativa da aplicación dos

empregos á proposta e aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 12/03/2021, así como propor uns usos incompatibles co principio de prudencia e do marco competencias regulado na LBRL.

SEGUNDO.- Rexeitar a emenda parcial e a totalidade do Sr. Concelleiro, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2864/1101, a propor a aplicación dunha gran parte dos recursos financeiros a competencias impropias.

A emenda engloba un grupo de empregos adicionais que desborda a contía aprobada en 23.500.000,00 euros, o que supón o esgotamento do recurso financeiro que conforma o RLT, e impediría que o Concello poida cofinanciar os fondos contidos no programa next generation EU.

A proposta alternativa de novos empregos, libera a Xunta de Galicia das súas obrigas e competencias para que sexa o Concello quen as asuma.

TERCEIRO.- Rexeitar a emenda a totalidade presentada pola Concelleira Dona Oriana Méndez Fuentes e o Concelleiro, D. Rubén Pérez Correa, do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2867/1101. Propón empregos alternativos que non están incluídos nas competencias propias regulamentadas no artigo 25 da LBRL.

A argumentación de empregos non axustados a normativa vixente resulta redundante, e ao igual que as anteriores emendas, teñen que ter outro axente financiador, que é a Xunta de Galicia, que é a administración que ten a competencia e a que recibe as axudas estatais con cargo ao fondo de 16 mil millóns, quen ten que financiar esta liña de axudas.

O Real Decreto Lei 5/2021, de 12 de marzo, regula un novo fondo de 7.000 millóns que xestionarán as CCAA para o outorgamento de axudas directas a autónomos e empresas.

CUARTO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 23/2021, Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario, correspondente ao expediente 830/441 por unha contía de 13.091.535,82 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan.

A modificación orzamentaria financíase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, cuxa cuantificación e dispoñibilidade figura na documentación que conforma o expediente.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos en termos do SEC-2010) que conforman a modificación orzamentaria son os que se relacionan, que afectan ás Áreas de Fomento, Deportes e Patrimonio.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO				
Programa	Partida	Proxecto	Emprego	Importe
1532	6090063	20153263	PRTE-EU acceso S.Avenidaño-V.Norte	3.000.000,00
1532	6190019	21153219	Paseo de Bouzas	3.700.000,00
Total Suplemento de Crédito				6.700.000,00

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

Progr.	Partida	Proxecto	Emprego	Importe
1539	6190000	21153900	PRTE-EU, Mov.R.Venezuela-Nicaragua	4.600.000,00
1532	6190009	18153209	Humanización Garrida-Porto	736.535,82
3420	6220006	18322006	Pabillón de Quirós	465.000,00
3420	6320014	20342007	Campo futbol da Guía, céspede artif.	155.000,00
3420	6320014	20342008	Campo futbol Fragoselo, céspede artif.	95.000,00
9330	6320002	19933002	Remate obras na planta baixa	55.000,00
9330	6320005	21933001	Acondic. Local baixo grada de Tribuna	125.000,00
9330	2120005		Demolición restaurante Camaleón	160.000,00
Total Crédito Extraordinario				6.391.535,82
Total modificación presupuestaria 23/2021				13.091.535,82

QUINTO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións, sempre coa lexitimación activa e causas previstas no artigo 170 do TRLRFL.

SEXTO.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

SÉTIMO.- Unha vez co crédito sexa executivo, procederáse a tramitar os expedientes de acordo á relación que conforman os empregos dos recursos. No entanto o anterior, en aplicación do previsto no artigo 117 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público e Base 29ª das de Execución do Orzamento, unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria nº 23/2021, poderán iniciarse a tramitación dos expedientes como anticipados de gastos.

OITAVO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario poderá interperse directamente recurso

contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

4(44). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. EXPTE. 2701/500. (REXISTRO PLENO 2846/1101)

ANTECEDENTES: En data de 4.02.21, a xefa da Inspección de Tributos e a directora de Ingresos co conforme do concelleiro delegado da Área, emiten o seguinte informe proposta,

“1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e p rezos públicos.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de axuda á familia e á convivencia familiar.
- Lei 7/2019 de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 4/2021 de 28 de xaneiro de medidas fiscais e administrativas que modifica a Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 4 de setembro de 2019 aprobouse a última modificación das tarifas da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil (expediente 2588/500).

Segundo.- Con data 8 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Adoptar a medida de gratuidade da atención educativa nas escolas infantís municipais de 0-3 anos para os segundos fillos ou fillas da unidade familiar matriculados nunha das escolas infantís municipais: EIM Atalaia-Teis, EIM Sta. Cristina-Lavadores, EIM Costeira-Saiáns, EIM Sta. Marta-Casco Vello, EIM Tomás Alonso, EIM Bouzas, EIM Mestres Goldar-Castrelos e EIM Navia, ou calquera escola infantil que pase a integrarse na Rede de Escolas Infantís Municipais.

Segundo.- Solicitar á Consellería de Política Social acollerse á compensación económica procedente pola gratuidade da atención educativa nas escolas infantís municipais de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as, establecida na Disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, modificada polo artigo 23 da Lei 7/2019, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Terceiro.- Instar da Concellería de Orzamentos e Facenda a modificación que proceda da ordenanza nº 23, Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil.”

Terceiro.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 10 de novembro de 2020.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

Os tributos, ademáis de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

A presente modificación da Ordenanza destas taxas realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

A modificación proposta consiste en incluír no artigo 3 da Ordenanza un apartado 4 do seguinte tenor literal *“aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza ao segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar”*

Para unha axeitada asignación dos/das diferentes usuarios/as aos tramos de renda establecidos na correspondente resolución de adxudicación de prazas, inclúense -sen modificación das cotas vixentes - os tramos de renda determinados pola Consellería de Política Social.

Os tramos de renda per capita mensual vixentes definidos pola Consellería de Política Social para a adxudicación de prazas son os seguintes:

Ata 161,34 €
De 161,35 a 268,91€
De 268,92 a 403,37€
De 403,38 a 537,83€
De 537,84 a 672,29€
De 672,30 a 806,75€
De 806,76 a 1075,68€
mais de 1075,68€

Os tramos e subtramos que figuran no artigo 4 da ordenanza permitirán ás dúas Administracións (Xunta e Concello) unha aplicación inequívoca e transparente da compensación prevista no apartado 2 da disposición adicional novena da Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia na redacción establecida no artigo 23 da Lei 7/2019 de 23 de decembro:

“2., nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades optaren voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100 % establecida no número anterior, e así o xustificaren, serán compensadas pola consellaría competente na materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais.

No caso de que as entidades locais tiveran implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá alcanzar unha contía equivalente á derivada do aludido réxime de

prezos, sempre que aquelas xustifiquen a aplicación da bonificación do 100 % da contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, e será a cargo das entidades locais a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas”.

Compre deixar constancia neste punto que as taxas reguladas na presente Ordenanza corresponden aos servizos de “atención educativa” pois, como pode apreciarse no estudo económico que se acompaña, os importes relativos ao “servizo de comedor” (un 15,64% do custe total que ascende a 2.232.440, 79 €) son financiados a cargo doutras partidas do Orzamento municipal. Por outra parte, segundo a estimación de ingresos realizada, as taxas de “atención educativa” só alcanzan a financiar un 11,30% do custe total do servizo, que xunto coa subvención anual da Xunta de Galicia de 110.440 € acadaría a porcentaxe de 16,24.% Finánciase o restante 83,76% con cargo ao Orzamento municipal estando incluídos nesta porcentaxe os importes correspondentes aos servizos de manutención ou comedor.

A regulación das taxas contidas na presente Ordenanza ten o seu marco legal no disposto nos Artigos 20 a 27 do TRLRFL.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente do orzamento de ingresos do Concello.

A bonificación do 100% a segundos e sucesivos fillos e fillas supón unha minoración das ingresos por esta taxa para un curso académico de 64.953 euros coa hipótese da distribución estatística de alumnos e alumnas por tramos de renda similar á do curso 2019-2020 así como coa hipótese de que continuarán sendo un 25 % os alumnos que ocupan o lugar segundo ou sucesivo na unidade familiar.

Por outra parte, a estimación do importe da compensación regulada na disposición adicional novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos sociais de Galicia que o Concello recibiría ascende a 55.428 euros. Con estas premisas o impacto anual orzamentario estímase en 9.525 euros

5. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: *“o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.*

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL (23).

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

1. Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a unidades familiares con capacidade económica per cápita anual inferior ao igual a 4166€ ou inferior ou igual a 6519€ se se trata de familias numerosas.

Para a determinación da capacidade económica per cápita anual estarase ao disposto no artigo 60 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar (na actualidade, Consellería de Política Social) polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Ademais do disposto no paragrafo anterior, a efectos de determinar a capacidade económica per cápita terase en conta o seguinte:

1.1. No caso de persoa con grado de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se fosen 2 persoas.

No caso de que o grado de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de que a nai sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, orde de protección ou medida cautelar, informe do Ministerio Fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei 11/2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase á súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos.

1.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único/a perceptor/a de ingresos e os/as fillos/as non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase a súa renda o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e orfandade.

1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase á súa renda un coeficiente do 0,35.

Para o desfrute desta exención deberá solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da unidade familiar e aportar, no seu caso certificados de discapacidade ou título de familia numerosa.

2. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado de horario reducido de tarde.

3. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza a un segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.

4. Agás o disposto no apartado anterior así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas obxecto desta Ordenanza fiscal.

ARTIGO 4.- COTAS.

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas (as correspondentes mensualidades de tarde que constan neste artigo resultan da aplicación do artigo 3.2 desta ordenanza):

Por cada nena ou neno pertencente á unidade familiar con capacidade económica per cápita mensual ata:

161,34€:

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 161,34 e 268,91€

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 268,92 e 347,17€

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 347,18 e 403,37€

matrícula e mensualidade ordinaria 50,85€
matrícula tarde e mensualidade tarde 33,05€

entre 403,38 e 472,00€

matrícula e mensualidade ordinaria 76,25€
matrícula tarde e mensualidade tarde 49,56€

entre 472,01 e 537,83€

matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€

entre 537,84 e 547€

matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€

entre 547,01 e 672,29€

matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

entre 672,30 e 806,75€

matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

entre 806,76 e 1075,68€

matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

mais de 1075,68€

matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

FAMILIA NUMEROSA, ata 543,25

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

FAMILIA NUMEROSA, entre 543,26 e 547,00€
matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€

Segundos/as e sucesivos/as fillos/fillas
matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO.

5. A renuncia a unha praza xa adxudicada, sempre que se produza con anterioridade ao comenzo do ano dará dereito á devolución do 80% do importe da matrícula.
De producirse a renuncia durante o curso esta deberá producirse antes do día 25 do mes para surtir efectos no mes seguinte. Noutro caso devengarase o mes seguinte completo.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta modificación de ordenanza entrará en vigor e comenará a aplicarse o día seguinte ao da súa publicación no BOP permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

SEGUNDO.- Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte ACORDO....

De seguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

En data 4 de febreiro, o Tribunal Económico Administrativo emite informe previo de legalidade do expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

O Interventor Xeral, en data 5.02.21, emite informe de fiscalización de conformidade coa proposta.

En sesión, de data 11 de febreiro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Modificación de dita Ordenanza.

O 11.02.21 o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, ditamina favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data 19.02.21, o concelleiro membro Non Adscrito e o grupo municipal Mixto achegan escrito de presentación de emendas no prazo establecido.

A Dirección de Ingresos con data 3.03.21, emite informe sobre as emendas presentadas polos grupos políticos municipais.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 24.03.2021, ditamina a proposta que consta na parte dispositiva desde acordo.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Aguiar Castro.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a “MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL (23).

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

1. Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a unidades familiares con capacidade económica per cápita anual inferior ao igual a 4166€ ou inferior ou igual a 6519€ se se trata de familias numerosas.

Para a determinación da capacidade económica per cápita anual estarase ao disposto no artigo 60 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar (na actualidade, Consellería de Política Social) polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Ademais do disposto no paragrafo anterior, a efectos de determinar a capacidade económica per cápita terase en conta o seguinte:

1.1. No caso de persoa con grado de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se fosen 2 persoas.

No caso de que o grado de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de que a nai sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, orde de protección ou medida cautelar, informe do Ministerio Fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei 11/2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase á súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos.

1.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único/a perceptor/a de ingresos e os/as fillos/as non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase a súa renda o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e orfandade.

1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase á súa renda un coeficiente do 0,35.

Para o desfrute desta exención deberá solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da unidade familiar e aportar, no seu caso certificados de discapacidade ou título de familia numerosa.

2. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado de horario reducido de tarde.

3. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza a un segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.

4. Agás o disposto no apartado anterior así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas obxecto desta Ordenanza fiscal.

ARTIGO 4.- COTAS.

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas (as correspondentes mensualidades de tarde que constan neste artigo resultan da aplicación do artigo 3.2 desta ordenanza):

Por cada nena ou neno pertencente á unidade familiar con capacidade económica per cápita mensual ata:

161,34€:

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 161,34 e 268,91€

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 268,92 e 347,17€

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 347,18 e 403,37€

matrícula e mensualidade ordinaria 50,85€
matrícula tarde e mensualidade tarde 33,05€

entre 403,38 e 472,00€

matrícula e mensualidade ordinaria 76,25€
matrícula tarde e mensualidade tarde 49,56€

entre 472,01 e 537,83€

matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€

matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€

entre 537,84 e 547€

matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€

entre 547,01 e 672,29€

matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

entre 672,30 e 806,75€

matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

entre 806,76 e 1075,68€

matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

mais de 1075,68€

matrícula e mensualidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensualidade tarde 82,62€

FAMILIA NUMEROSA, ata 543,25

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

FAMILIA NUMEROSA, entre 543,26 e 547,00€

matrícula e mensualidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensualidade tarde 66,11€

Segundos/as e sucesivos/as fillos/fillas

matrícula e mensualidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensualidade tarde exento

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO.

5. A renuncia a unha praza xa adxudicada, sempre que se produza con anterioridade ao comenzo do ano dará dereito á devolución do 80% do importe da matrícula.

De producirse a renuncia durante o curso esta deberá producirse antes do día 25 do mes para surtir efectos no mes seguinte. Noutro caso devengarase o mes seguinte completo.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta modificación de ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte ao da súa publicación no BOP permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas..

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a. Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

- b. Facúltase á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

Incidencia. Auséntase da sesión o Sr. Presidente a a primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego abandona a conexión. Ocupa a Presidencia o segundo tenente de alcalde Sr. Pardo Espiñeira.

5(45). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020. EXPTE. 176/143 (REXISTRO PLENO 2836/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 9 de febreiro de 2021, transcrito a continuación,

En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local (Art. 191.3 do TRLRF e 90.1 del R.D. 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda , en cumprimento do previsto no artigo 192 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, tramítase a Liquidación do Orzamento da Entidade Local correspondente ao ano 2020 e incorpórase a Liquidación do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo así como os datos correspondentes ás Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación.

A Liquidación queda conformada polas institucións que conforman en termos do previsto nos artigos 166 e 192 do TRLRFL o perímetro de Consolidación, aínda que o mesmo sexa distinto do previsto no artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o SEC-2010, onde queda engadido dentro do Perímetro de Consolidación a Fundación MARCO, a Fundación CONVENTION BUREAU e a Fundación FAIMEVI.

O ámbito subxectivo da Liquidación está conformado por:

Entes con orzamento limitativo:

Entidade Local.

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo.

Entes sectorizados pola Intervención Xeral do Estado, contabilidade empresarial:

Fundación MARCO.

Fundación FAIMEVI.

Fundación CONVENTION BUREAU.

R E S O L V O:

1º) Aprobar a Liquidación do Orzamento da Entidade Local Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e do Grupo de

consolidación, proposta polo Órgano competente, correspondente ao exercicio 2020 cos estados que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e do Organismo Autónomo, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade, do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente e das Fundacións sectorizadas ao longo do ano 2020, conformada pola Entidade Local, o Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións: MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI.

a) Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario da Entidade e consolidado dos Entes con orzamento limitativo

Entidade			Estados Consolidados		
Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario	Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario
2019	2020	2020	2019	2020	2020
92.057.012,48	119.938.165,10	46.094.514,36	99.902.443,49	126.092.314,03	46.930.094,47

b) Tesourería

Entidade	Consolidada, entes do grupo con orzamentos limitativo
117.055.890,04	131.279.147,84

c) Fluxos de tesourería dos entes con orzamento limitativo

Concepto	Entidade	Consolidado
Saldo inicial	81.573.913,47	95.189.138,04
Cobros Orzamentarios corrente e pechados	257.506.669,03	259.564.361,71
Pagos Orzamentarios corrente e pechados	-225.582.747,25	-227.245.569,42
Cobros non Orzamentarios	59.176.778,27	61.902.661,14
Pagos non Orzamentarios	-57.616.817,88	-60.220.601,07
Ingresos pendentes de aplicación	1.998.094,40	2.089.157,44
Variación neta	,00	,00
Saldo final	,00	,00

d) Aforro Neto dos entes con orzamento limitativo

Entidade	Consolidado
47.499.513,10	48.912.360,84

e) Período medio de pago mensual do grupo

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2020												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maiο	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	16,73	11,85	11,22	8,96	12,33	8,16	7,12	8,86	9,66	9,98	9,75	7,04
FAIMEVI	216,88	254,92	299,61	330,62	360,36	390,24	421,11	451,98	481,85	512,72	542,59	573,45
MARCO	88,77	76,78	31,26	45,09	67,79	77,97	74,44	78,79	94,65	72,87	59,98	48,79
XMU	18,76	6,27	12,25	10,02	16,40	9,93	7,71	16,02	10,47	6,98	7,49	9,89
V. C.BUR.	,00	24,00	24,00	10,44	13,91	19,73	17,72	10,93	17,62	18,07	6,83	9,04
PMP Global	17,60	13,08	11,63	9,69	13,42	9,73	8,25	10,57	11,43	11,33	10,82	7,49

f) Variables fiscais do grupo

h) Endebemento grupo

% Endebemento = (Débeda financeira bancaria pendente de amortizar / Dereitos Liquidados por operacións correntes do estados consolidados)*100.

En relación co endebemento, a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira no seu artigo 13 establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que se estableza en relación co PIB. Para os anos 2020-2021, están suspendidas o cumprimento das variables fiscais.

Non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, polo resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013.

Dereitos Liquidados axustados por operacións correntes dos estados consolidados unha vez feitos os axustes: 251.983,660,73 euros

Débeda bancaria pendente de amortizar a 31/12/2020: 0 euros.

Débeda a curto prazo da Fundación MARCO 67.745,70 euros, que non computa no endebedamento por ser de curto prazo.

Coefficiente de endebedamento a 31/12/2020, 0%.

Cumprimentos

Durante o exercicio 2020, da información mensual que se achega dos entes que conforman o perímetro de consolidación, deuse cumprimento ao PMP, resultando unha media para o grupo de 11,25 días, calculado segundo o previsto no Real Decreto 635/2014, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, do que se achega un estado informativo no expediente.

Se o cálculo para o Concello faise seguindo a metodoloxía da Instrución de Contabilidade, excluindo aos demais entes do grupo, o PMP anual é de 9,44 días

Hai cumprimento dentro das sendas previstas dos obxectivos fiscais.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do TRLRFL.

Hai Remanente Líquido de Tesourería para gastos Xerais positivo.

Hai Resultado Orzamentario positivo.

Non hai endebedamento con ningunha entidade financeira.

Os Remanentes de crédito que cumpran os requisitos legais regulamentados no artigo 182 do Real Decreto Legislativo 2/2004, serán obxecto de incorporacións de crédito ao orzamento do ano 2021, para o que se tramitará o preceptivo expediente de modificación orzamentaria con suxeición ao previsto no TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.

Da Liquidación do Orzamento do grupo de consolidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre en cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL.

Así mesmo, en execución do previsto no art. 193.5 do TRLRFL, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

En relación cos prazos de remisión, estarase ao previsto na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, quedando establecido o calendario na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 24.03.2021, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Liquidación do Orzamento do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao exercicio 2020.

6(46). DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN E DO RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2020. EXPTE. 102816/140 (REXISTRO PLENO 2845/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 4 de marzo de 2021, o interventor municipal emite o seguinte informe,

“I. Introducción.

O órgano interventor deberá elaborar, con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O informe resumo será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos, a xuízo do órgano de control, que se deduzan de todas as actuacións de control realizadas durante o exercicio anterior, na propia entidade local e nas súas entidades dependentes, tanto derivados do exercicio da función interventora, como dos informes emitidos sobre as actuacións de control permanente e auditoría pública.

Como actuacións de control realizadas deben entenderse todas aquelas que desen lugar á emisión e remisión dun informe definitivo de control ao órgano controlado.

a) Normativa.

A normativa en base á cal se elabora o informe é a seguinte:

- Artigos 213 e 218 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, modificados pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (en diante RDCIEL).
- Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumo, así como a solicitude do informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

b) Réxime de control.

Os actos da entidade local e da Xerencia Municipal de Urbanismo atópanse sometidos ao réxime de control ordinario, non resultando de aplicación o réxime de control interno simplificado que regula o título V do Real Decreto 424/2017, ao ser o Concello de Vigo un Municipio de Gran Poboación e atoparse incluído no ámbito de aplicación do modelo normal de contabilidade local.

Dentro deste réxime ordinario, non se acordou para ningún tipo de expediente de gasto o réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa, polo que resulta aplicable o réxime xeral de fiscalización e intervención previa.

Pola súa banda, a fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local e a dos seus organismos autónomos substituíuse polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro.

II. Alcance do informe resumo.

a) Actuacións de control realizadas no exercicio.

a.1) Función interventora.

De acordo cos datos obtidos da aplicación informática de xestión de expedientes e da base de datos de contabilidade, durante o exercicio 2020 realizáronse pola intervención xeral municipal un total de 46.976 actuacións de control no exercicio da función interventora, ben como fiscalización previa ben como intervención previa.

Fiscalización previa (fases A e D)

Do total de actuacións realizadas, 1.445 correspóndense con actuacións de fiscalización previa de actos polos que se autorizaron ou comprometeron gastos (fases A e D), e que se realizaron mediante a emisión de informes individuais por escrito para cada un dos expedientes.

Estas actuacións de fiscalización previa poden distribuírse do seguinte modo, tendo en conta as áreas de control máis relevantes:

Área de control	Trámites	N.º actuacións de control no 2020	N.º actuacións de control no 2019
Contratación	Aprobación expediente, Adxudicación, Modificación contratos, Revisión de prezos, Certificacións de obra, Anticipos por acopios	394	330
Subvencións e Convenios	Convocatorias en concorrencia competitiva, Subvencións directas, Subvencións nominativas, Convenios de colaboración	216	200
Recursos Humanos	Selección dos empregados públicos (convocatorias), Nomeamento de persoal funcionario de carreira ou interinos, Contratación de persoal laboral, Provisión dos postos de traballo (libre designación, concurso ordinario ou específico, comisión de servizos voluntaria, adscrición provisional), Recoñecemento de trienios, Gratificacións, horas extraordinarias e	443	409

	produtividade, Nóminas, Anticipos, Axudas de acción social, Prolongación na permanencia da situación de servizo activo		
Facenda e Orzamentos	Aprobación do orzamento, modificacións orzamentarias, liquidación e conta xeral, modificación das ordenanzas	140	150
Patrimonio	Cesións, compra de bens, responsabilidade patrimonial	74	67
Garantías	Devolución de avais e outras garantías	101	170
Outros expedientes de gasto	Pagamentos de arrendamentos, cotas comunidades de propietarios, sentenzas e outros	77	200
		1.445	1.526

Outras actuacións: Intervención previa e outras

Ademais realizáronse as seguintes actuacións no exercicio da función interventora:

Fase ou actuación	Descrición	N.º actuacións de control no 2020	N.º actuacións de control no 2019
Intervención previa da liquidación do gasto ou recoñecemento de obrigas (fase O)	Comprobar, antes de que se dite a resolución, que as obrigas axústanse á lei ou as negocios xurídicos suscritos polas autoridades competentes e que o acreedor cumpriu ou garantiu, no seu caso, a súa correlativa prestación	14.416	9.248
Intervención formal da ordenación do pago	Verificar a correcta expedición das ordes de pago	14.420	12.010
Intervención material do pago	Verificar que dito pago dispúxose polo órgano competente e se realiza en favor do perceptor e polo importe establecido	14.149	9.884
Intervención da comprobación material da inversión	Verificar materialmente a efectiva realización das obras, servizos ou adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato	22	52

Devolución de ingresos indebidos	Fiscalización dos actos de ordenación e pagamento material derivados de devolucions de ingresos indebidos	2.524	3.289
Número total de actuacións de control interno na modalidade de intervención previa		45.531	34.483

Estas actuacións realizáronse normalmente mediante una dilixencia de fiscalización de conformidade asinada sen necesidade de motivación adicional.

a.2) Control financeiro.

En cumprimento do disposto no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, elaborouse pola intervención xeral un Plan Anual de Control Financeiro (en diante, PACF 2020) recollendo as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio, dando conta ao Pleno na sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2020.

No PACF 2020 incluíronse, ademais das actuacións de control permanente cuxa realización polo órgano interventor deriva dun deber legal, tamén as seguintes actuacións seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos: Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría de determinados dereitos e ingresos municipais liquidados no exercicio 2019, e control financeiro das subvencións e axudas públicas de conformidade co disposto nos artigos 44 a 51 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e 41 ao 49 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Conforme ao disposto no artigo 29.3 do RDCI, o órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais das fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.

Se ben ningunha das Fundacións que forma parte do Sector Público Local “Concello de Vigo” ten a obriga de someter as súas contas anuais á auditoría externa conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 50/2002 de Fundacións, tendo en conta que resulta recomendable auditar periodicamente as contas anuais das fundacións como acto de control e transparencia, incluíuse no PACF 2020 a realización das auditorías das contas do ano 2019 das Fundacións Marco, Liste e Laxeiro, e no ano 2021 realizaranse as auditorías das contas do ano 2020 das Fundacións Vigo Convention Bureau e Vigo en Deporte.

Xa que a Intervención Xeral Municipal non dispón dun Servizo propio ou Oficina de Control Financeiro, nin persoal destinado a esta modalidade de control, o Concello aprobou a contratación de firmas privadas de auditoría para colaborar nesta tarefa coa Intervención Xeral.

Unha vez aberta a única proposición presentada a este procedemento, constatouse que o único licitador presentouse aos lotes 2 “Control financeiro de subvencións” e 3 “Auditoría das entidades dependentes”, polo que non se presentou proposición ningunha ao lote 1 “Control financeiro posterior de ingresos municipais”, razón pola que non se realizou ata a data o control financeiro dos ingresos do ano 2019. Na actualidade está a valorarse a posibilidade de licitar un novo contrato así como o procedemento de licitación, de ser o caso.

a.3) Medios.

Aínda que o Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, contempla a posibilidade da Entidade Local de

contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor, resulta recomendable a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal tendo en conta do carácter permanente das funcións para desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

Neste sentido, o Consello de Contas de Galicia, no *“Anteproxecto do Informe de Fiscalización Selectiva do Concello de Vigo. Exercicio 2018”* pon de manifesto que *“o Concello non conta cunha suficiente estrutura de persoal para dar cobertura ás esixencias do RD 424/2017, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais en materia de control financeiro”,* e que *“existe unha praza de habilitación nacional que non está cuberta”,* polo que recomenda *“adaptar e dotar a estrutura do Órgano Interventor ás esixencias da normativa de control interno”.*

Entende o funcionario que subscribe que a intervención xeral municipal non dispuxo no exercicio 2020 dos medios necesarios e suficientes para desenvolver o modelo de control eficaz ao que se refire o artigo 4 do Real Decreto 424/2017, xa que a estrutura de persoal atópase adaptada para a realización unicamente da tradicional función interventora nas súas modalidades de fiscalización previa e intervención previa.

Por este motivo, e dado que o contrato licitado ao efecto resultou deserto non se realizou no ano 2020 o control financeiro dos ingresos do ano 2019 por falta de medios, nin tampouco a auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas. Tampouco se incluíron no PACF 2020 por este motivo outras actuacións de control, tales como o control financeiro dos contratos menores ou dos permisos e situacións administrativas dos empregados públicos.

Pola súa parte, o artigo 20 do RDCIEL establece que o órgano interventor poderá estar asesorado cando sexa necesaria a posesión de coñecementos técnicos para realizar a comprobación material.

A este respecto é preciso indicar que o funcionario que subscribe asistiu personalmente aos actos de comprobación material dos investimentos sen asesoramento, entendéndose polo tanto limitada a miña responsabilidade aos aspectos e deficiencias que se puideron detectar atendendo á dilixencia media esixida aos profesionais da Administración que non requiren cualificación técnica nun sector específico obxecto do gasto para o desempeño das funcións asignadas ao seu posto de traballo. Por conseguinte pode considerarse que os medios persoais para o exercicio da función da intervención da comprobación material do investimento non foron suficientes.

III. Conclusións e recomendacións.

– Función interventora.

Durante o exercicio 2020 non se adoptaron resolucións ou acordos contrarios aos reparos formulados, nin existiron procedementos para a resolución de discrepancias entre as opinións do órgano interventor e as dos órganos de xestión.

Nos supostos nos que o órgano interventor observase defectos no expediente derivados do incumprimento de requisitos ou trámites considerados non esenciais, devanditos defectos foron emendados con anterioridade á aprobación do expediente.

Recoméndase: Desenvolver a aplicación de xestión de expedientes, previa a elaboración de guías de tramitación da totalidade dos expedientes co maior nivel de detalle posible a nivel de trámite e usuario autorizado, como instrumento imprescindible para garantir un modelo de control eficaz.

– Control financeiro permanente: Actuacións atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor.

Como regra xeral, durante o exercicio 2020 realizáronse as actuacións de control financeiro cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obrigação legal. Como resultado das devanditas actuacións elaboráronse informes escritos co contido establecido no artigo 35 do RD 424/2017.

Con carácter xeral non se detectaron deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, sen prexuízo daquelas recomendacións puntuais realizadas sobre determinados aspectos que non resultan especialmente significativos pola súa escasa relevancia cualitativa ou cuantitativa.

– Control financeiro permanente: Actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro.

Tendo en conta que o Concello aprobou a contratación de firmas privadas de auditoría para colaborar nesta tarefa coa Intervención Xeral, e que no procedemento de contratación tramitado ao efecto non se presentou proposición ningunha ao lote 1 “Control financeiro posterior de ingresos municipais”, non se realizou o control financeiro dos ingresos do ano 2019.

Pola súa beira, o informe de conclusións do traballo de colaboración coa Intervención xeral municipal no control financeiro de subvencións e axudas publicas concedidas polo Concello de Vigo e pola Xerencia municipal de urbanismo durante o exercicio 2019 sinala como feitos susceptibles de mellora: que, de forma xeral, non se inclúe nas bases das convocatorias analizadas a obrigação do beneficiario de acreditar o pago efectivo dos gastos; que para algunhas liñas de axudas as bases reguladoras inclúen extremos a cumprir polos beneficiarios sen indicar a estes como se deben acreditar; e detectouse nalgún caso, que non se resolve a concesión das axudas en prazo polas áreas xestoras. Así mesmo, nos casos que se detectou algún importe susceptible de reintegro, propúxose ás áreas xestoras que inicien o procedemento de reintegro da cantidade percibida e os intereses de demora que correspondan.

Recoméndase: Que as bases das convocatorias das subvencións inclúan a obrigação do beneficiario de acreditar o pago efectivo dos gastos subvencionables, salvo para supostos excepcionais debidamente xustificadas.

– Auditoría pública.

A sociedade de auditoría BM Auditores (en diante, o auditor) en virtude do contrato suscrito co Concello de Vigo, efectuou o traballo de auditoría das contas anuais e auditoría de cumprimento das Fundacións Laxeiro, Liste e Marco.

Fundación Laxeiro.

Con respecto á auditoría das contas anuais da Fundación Laxeiro, o auditor emitiu informe de auditoría con opinión desfavorable ao entender que as contas anuais non expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da entidade ao 31 de decembro de 2019. Resumidamente, fundamenta a citada opinión desfavorable no seguinte: Que as Contas anuais da Fundación non están confeccionadas segundo establece o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos; que a memoria das contas anuais non recolle o feito de que a Fundación ten en depósito a obra do pintor “Laxeiro” propiedade do Concello de Vigo; que a situación da sede central da Fundación non está recoñecida nos estados contables nin se informa das condicións do seu uso na memoria das contas anuais; que non foi posible comprobar o custo e a amortización, tanto acumulada como do exercicio, do inmovilizado material como consecuencia de que non se dispón do correspondente rexistro de inmovilizado; e que non se puido comprobar a axeitada valoración do saldo no epígrafe de existencias nin a razoabilidade do importe contabilizado das subvencións de capital.

Fundación Liste.

Con respecto á auditoría das contas anuais da Fundación Liste, o auditor emitiu informe de auditoría con denegación de opinión ao entender que non puideron obter evidencia de auditoría que proporcione unha base suficiente e axeitada para expresar unha opinión de auditoría sobre as Contas anuais. Resumidamente, fundamenta a denegación de opinión: Que non se dispuxo dunha taxación que permita comprobar a axeitada valoración do saldo dos epígrafes “Bens de Patrimonio histórico” e “Dotación Fundacional” incluído nos Fondos Propios; que a situación da sede central da Fundación non está recoñecida nos estados contables nin se informa das condicións do seu uso na memoria das contas anuais; que non foi posible verificar a razoabilidade do saldo na conta 570 “Caixa”, nin comprobar o custo e a amortización acumulada do inmovilizado intanxible e material como consecuencia de que non se dispón do correspondente rexistro de inmovilizado e que non se dotou amortización do exercicio 2019; e que a memoria non contén a información necesaria que se establece no Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.

Fundación Marco.

Con respecto á auditoría das contas anuais da Fundación Marco, o auditor emitiu informe con opinión favorable con condicións, xa que non foi posible presenciar o reconto físico de existencias a 31 de decembro ao ser nomeados con posterioridade.

Con todo chama a atención que as contas anuais da Fundación Marco poñen de manifesto un fondo de manobra negativo que a 31 de decembro de 2019 ascende a 83.998,07 euros, situación que require por parte da Fundación a identificación e consecución de fontes adicionais de ingresos que xeren excedentes operativos económicos e financeiros, así como de medidas alternativas que reestruturen o seu esquema de financiamento e permitan á entidade alcanzar o necesario equilibrio financeiro.

Recoméndase: Adaptar as contas anuais das Fundacións Laxeiro e Liste ao Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos, e que as anteditas Fundacións leven un rexistro do inmovilizado e corrixan os defectos observados nos informes de auditoría. Na Fundación Marco recoméndase adoptar as decisións de xestión que sexan necesarias para alcanzar o necesario equilibrio financeiro.

Dadas as limitacións para o exercicio de auditorías derivadas da falta de persoal e consecuente necesidade de contratar a firmas privadas, recoméndase a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal tendo en conta do carácter permanente das funcións para desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

IV. Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.

Mais aló das recomendacións realizadas non se sinalaron deficiencias que requiran a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.

V. Valoración do plan de acción formalizado polo Presidente da Corporación como consecuencia das deficiencias sinaladas no anterior informe.

Non procede xa que como consecuencia do anterior informe non resultou necesario elaborar un plan de acción.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 24.03.2021, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do resumo dos resultados do control interno do exercicio 2020.

7(47). DAR CONTA DA MEMORIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2020. EXPTE. 5318/550 (REXISTRO PLENO 2849/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 15 de marzo de 2021, o Presidente do Tribunal Económico Administrativo da conta da seguinte memoria,

“Cumprimentando o disposto na Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario de 14 de xuño de 2004, elabórase a presente Memoria correspondente ó ano 2020, en base ós datos que obran no arquivo do Tribunal, da que se da conta ó Pleno da Corporación.

Por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 e ante a declaración do estado de alarma polo goberno da nación.

O Decreto, de 15 de marzo de 2020, da Excma. Alcaldía, de adopción de medidas extraordinarias destinadas á redución da actividade presencial no Concello de Vigo, resolveu, no seu punto primeiro: “Ordenar que todo o persoal municipal cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial”.

Polo anterior, o persoal que compón o Tribunal realizou seu traballo durante o confinamento domiciliario dende os seus respectivos domicilios, na modalidade de teletraballo. E a partir do 22 de xullo de 2020, parte do persoal realiza as súas funcións mediante o sistema mixto de teletraballo e presencial; mentras que outra parte o fai de forma presencial.

Despois de 16 anos de funcionamento, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo tense consolidado como un órgano técnico e independente na garantía dos dereitos dos cidadáns de Vigo, na súa condición de contribuíntes, coa resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas, en relación ós tributos e outros ingresos de dereito público que nutren a facenda municipal.

Ademáis, o Tribunal seguiu exercendo funcións de colaboración e asesoramento ós distintos órganos de xestión do Concello en relación coas normas e procedementos de xestión, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Todo isto

tense traducido nunha mellora da actividade municipal e nunha diminución da conflictividade fiscal.

No ano 2020 segue a consolidación e o coñecemento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, tanto por parte das persoas físicas, como por parte das persoas xurídicas.

As reclamacións presentadas teñen unha mellor e individualizada fundamentación xurídica, tendo diminuído as presentadas baixo un mesmo modelo ou tipo sen ter en conta as peculiaridades de cada unha. Tamén apréciase non só un aumento dos motivos de impugnación, tanto de dereito substantivo (suxeito pasivo, contribuínte, responsabilidade solidaria e subsidiaria, exencións, bonificacións, etc.), como de dereito procedimental (carencia ou notificacións defectuosas, caducidade, prescrición, etc.), senón tamén que a maioría das reclamacións presentadas baséanse en varios motivos. No exercicio 2020, celebráronse 24 sesións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo; nas que tratáronse un total de 226 asuntos. Estes datos reflicten unha continuidade e normalidade da actividade do Tribunal.

A xurisprudencia constitucional relativa á Plus Valía Municipal cobrou nos anos 2017, 2018, 2019 e 2020 unha gran importancia na actividade dos órganos tributarios municipais, xunto coas modificacións referentes a notificacións e á Administración Electrónica en xeral que supuxeron, xa dende o ano 2016, unha ardua laboura de adaptación dos procedementos do TEA (que, lembremos, funciona có seu rexistro propio).

Ó longo do exercicio 2020 tiveron lugar as sesións que se citan no seguinte cadro; que reflicte o número da Sesión, a súa data e o número de asuntos tratados en cada unha delas.

Sesión	Data da reunión	Asuntos
2020/01	dezasete de febreiro de dous mil vinte	17
2020/02	vinteito de febreiro de dous mil vinte	10
2020/03	once de marzo de dous mil vinte	10
2020/04	once de marzo de dous mil vinte (Acordo remisión da Memoria)	0
2020/05	vintesés de marzo de dous mil vinte	8
2020/06	vintesete de marzo de dous mil vinte	1
2020/07	dous de abril de dous mil vinte	1
2020/08	dezanove de maio de dous mil vinte	4
2020/09	un de xuño de dous mil vinte	46

2020/10	vintecatro de xullo de dous mil vinte	1
2020/11	once de agosto de dous mil vinte	1
2020/12	dezasete de agosto de dous mil vinte	3
2020/13	trinta e un de agosto de dous mil vinte	5
2020/14	cinco de outubro de dous mil vinte	16
2020/15	trece de outubro de dous mil vinte	9
2020/16	dezanove de outubro de dous mil vinte	11
2020/17	vinteséis de outubro de dous mil vinte	12
2020/18	tres de novembro de dous mil vinte	12
2020/19	trece de novembro de dous mil vinte	9
2020/20	vinte de novembro de dous mil vinte	11
2020/21	vintesete de novembro de dous mil vinte	10
2020/22	dous de decembro de dous mil vinte	10
2020/23	dezaséis de decembro de dous mil vinte	10
2020/24	vintenove de decembro de dous mil vinte	9

TOTAL

226

Reclamacións económico-administrativas

Pendientes 1/1/2020 212

Interpostas 2020 229

Resoltas 2020	246
Pendientes 31/12/2020	195

Tramitación por órganos	
Sala	
<i>Informes</i>	11
<i>Dictames</i>	5
<i>Reclamacións</i>	22
Estimadas	
Desestimadas	14
Inadmitidas	8
<i>Outros</i>	1
Organos unipersoais	
<i>Reclamacións e recursos</i>	224
Estimadas	
Desestimadas	155
Inadmitidas	12
Outros	36
Total	262

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 24.03.2021, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Memoria do Tribunal Económico-Administrativo correspondente ó exercicio 2020.

8(48). DAR CONTA DOS INFORMES DEFINITIVOS DE CONTROL FINANCEIRO DAS ACTUACIÓN INCLUÍDAS NO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2020, EN APLICACIÓN DO DISPOSTO NO ART. 36 DO RD 424/2017. EXPTE 102820/140 (REXISTRO PLENO 2843/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 3 de marzo de 2021, o interventor municipal emite o seguinte informe,

“O funcionario que subscribe, na súa condición de Interventor xeral municipal do Concello de Vigo, en cumprimento do disposto no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en diante RDCI), elaborou o 10/11/2020 o Plan anual de auditorías e control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2020, no que se recolleron as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o citado exercicio, sendo remitido a efectos informativos ao Pleno, que quedou enterado na sesión do 25/11/2020 conforme ao disposto no apartado 3º do citado precepto.

O artigo 35 do RDCI establece que o resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

De conformidade co disposto no artigo 36 do RDCI, os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financieira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Polo tanto, en cumprimento do disposto no citado precepto remítense ao Presidente da Entidade Local os seguintes informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro e Auditorías correspondente ao ano 2020 para o seu coñecemento, e para coñecemento do Pleno:

1. Informe definitivo de control financeiro das subvencións e axudas públicas realizado, mediante técnicas de mostraxe, respecto de beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras por razón das subvencións concedidas polo Concello de

Vigo e pola Xerencia Municipal de Urbanismo durante o exercicio 2019: Como consecuencia do traballo desenvolvido, ponse de manifesto que os beneficiarios cumpriron, con carácter xeral e fora das puntuais excepcións que se indican no antedito informe, coas obrigacións recollidas nas bases reguladoras das subvencións analizadas (trámite 4 do expediente).

2. Auditorías das contas anuais e auditoría de cumprimento do exercicio 2019 das seguintes Fundacións integrantes do Sector Público Local: Fundacións Laxeiro, Fundación Liste e Fundación Marco (trámites 5 a 10 do expediente).
3. Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría dos dereitos e ingresos municipais: No ano 2020 non se realizou o citado control xa que o procedemento incoado para a contratación dunha firma privada de auditoría para a prestación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización da citada actuación de control financeiro quedou deserto ao non presentarse ningún licitador, e non dispoñer esta intervención xeral dunha oficina ou servizo de control financeiro nin persoal adicado a esta modalidade de control interno (o acordo da XGL polo que se declara deserto o procedemento consta anexado como trámite 3 do expediente).

Polo tanto, en cumprimento do disposto no citado precepto, remítese o expediente 102820-140 ao Alcalde-Presidente e á Secretaría Xeral do Pleno do Concello de Vigo para a súa inclusión na vindeira sesión ordinaria do Pleno que se celebre.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 24.03.2021, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado dos informe definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro 2020.

9(49). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA DE 11.03.21 POLO QUE SE APROBA O PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN E OS MARCOS ORZAMENTARIOS PARA O PERÍODO 2022-2024. EXPTE. 178/143 (REXISTRO PLENO 2847/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 11 de marzo de 2021, que a continuación se transcribe,

“O artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo artigo Único. 2 da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de

débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

O perímetro que conforma o grupo de Consolidación establecido polo MINHAC para o Concello de Vigo, está delimitado polas seguintes institucións:

Entidade Local
Xerencia Municipal de Urbanismo
Fundación: MARCO
Fundación: C.BUREAU

O Marco orzamentario está previsto para o período 2022-2024, sendo a base de partida a Liquidación do Orzamento consolidado do ano 2020 e a previsión da liquidación do ano 2021.

Sobre a precitada base, tendo en conta as variacións tendenciais e os convenios vixentes sobre a variabilidade do orzamento, que foron estudadas e coordinadas pola Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, polo Director Superior Contable e Orzamentario e pola Intervención Xeral, formouse o Marco orzamentario previsto para o devandito período, baseado nas variacións tendenciais contidas no informe asinado polos responsables que non son obxecto de reprodución. No entanto, quedan reflectidos nas táboas dos marcos orzamentarios que forman parte desta Resolución que será incorporada aos modelos de remisión telemática que están na páxina web do MINHAC e que terán que ser remitidos antes do día 15/03/2021.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación. Neste caso, é un documento marco, sobre o que se aprobará, se é o caso, o Orzamento do ano 2022 e seguintes, seguindo os trámites e competencias previstos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei de Bases de Réxime Local.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o Marco Orzamentario de Medio prazo do Grupo consolidado Concello de Vigo, conformado por: Entidade Local, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións sectorizadas: MARCO e CONVENTION BUREAU , para o período 2022-2024 que servirá de base para a elaboración dos Orzamentos futuros cuxos datos figuran detallados no informe técnico, que en síntese son os seguintes:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS PREVISTA DO ANO 2021 E MARCO ORZAMENTARIO 2022-2024

Avalíase cada ente do perímetro de consolidación por separado, no estado consolidado xa se reflecten os axustes de consolidación que figuran na táboa de AXUSTES DE CONSOLIDACIÓN.

LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS PREVISTA DO ANO 2021 E MARCO ORZAMENTARIO 2022-2024

Desagregación por impostos segundo requirimento, capítulos 1 e 2, coa cesión de tributos (IRPF, IVE e II.EE) aparte, así como no capítulo 4, separación do FCC do resto das transferencias e subvencións.

CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO E DÉBEDA VIVA (Grupo consolidado)

SEGUNDO. Remitir os datos relativos ao devandito Marco Orzamentario do Grupo Concello de Vigo conformado pola Entidade, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión.

CUARTO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación aos efectos do previsto no artigo 123.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 24.03.2021, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía polo que se aproba o perímetro de consolidación e os marcos orzamentarios para o período 2022-2024.

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS RESOLUTIVAS

10(50). MOCIÓN DO CONCELEIRO MEMBRO NON ADSCRITO SOBRE AS MEDIDAS NECESARIAS FRONTE Á CRISE INDUSTRIAL E COMERCIAL NA CIDADE DE VIGO. REXISTRO PLENO 2871/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de marzo de 2021, número 2871/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

SOBRE MEDIDAS NECESARIAS FRONTE A CRISE INDUSTRIAL E COMERCIAL NA CIDADE DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os efectos da pandemia da Covid19 téñense traducido nunha crise social, laboral e produtiva de enorme calibre que está a ter efectos graves na nosa cidade. O impacto das restricións sociosanitarias, así como a falla de medidas económicas e sociais adecuadas para enfrontar esta crise, colocan a nosa cidade nunha situación límite en termos socioeconómicos, que se manifesta con especial relevancia nos ámbitos comercial e industrial.

A industria viguesa enfronta un proceso de desertización da súa base produtiva que atinxe de maneira moi aguda a actividades estratéxicas como o sector naval e a

automoción. No último ano, segundo datos da última Enquisa de Poboación Activa, na nosa cidade destruíronse 2.500 postos de traballo industriais e hoxe, a industria viguesa ten 5.400 empregos menos que en 2009.

Neste ámbito resulta moi preocupante a situación no estaleiro Barreras envolvido, máis unha vez, en grandes incertezas a respecto do seu futuro. Após o recente traslado do buque Evrima a Santander, sen que se dispoña dunha data concreta do seu regreso a Vigo, neste momento Barreras carece de carga de traballo para o seu persoal e as empresas auxiliares xa abandonaron o estaleiro.

Parece claro que se está a confirmar que a opaca operación de cambio de propietarios e dirección de Barreras promovida por Ritz Carlston era unha saída en falso. Cando ten transcorrido pouco tempo da saída de Barreras do precurso de acredores, o estaleiro volve estar nunha disxuntiva que ameaza o seu futuro.

A perspectiva a medio e longo prazo é moi complexa, toda vez a día de hoxe non hai ningún proxecto real en carteira nin ningunha encomenda formalizada para alén do remate do Evrima, polo que non hai garantías reais de continuidade da actividade e, xa que logo, para o emprego directo e indirecto que xera Barreras.

A situación de Barreras é unha cuestión da maior importancia polo papel que este estaleiro xoga no conxunto do sector naval da Ría de Vigo. Nese sentido, a cidade non pode permitirse que Barreras corra a mesma sorte que Vulcano. Hai que garantir si ou si a súa continuidade para blindar o futuro do naval en Vigo, como sector fundamental na industria da nosa comarca.

A solución non pode seguir sendo inxectar millóns e millóns de euros de diñeiro público en forma de avais e financiamento que ao final non garanten a actividade nin serven para garantir que se cumpra coas obrigas de Barreras coa industria auxiliar e o seu persoal. Por iso cómpre demandar tanto a Xunta como a Goberno español que despreguen unha intervención pública que asegure o futuro do estaleiro. Hoxe consideramos que é máis evidente do que nunca que diante o desleixo do capital privado e da súa nefasta xestión, o futuro do naval en Vigo esixe poñer en marcha un estaleiro público ou semipúblico.

Outro sector estratéxico e fundamental para a industria viguesa como é a automoción, enfrenta un escenario tamén moi complexo, onde aos retos estruturais derivados da transición no modelo produtivo e do cambio tecnolóxico e de vector enerxético, se engade a retracción do mercado. Na automoción viguesa existe unha crecente precariedade laboral que se expresa nunha elevadísima taxa de temporalidade, o aumento nos contratos a tempo parcial, o empobrecemento salarial e mais o empeoramento das condicións laborais, para alén dos efectos da aplicación de medidas como os ERTE que acabaron por transferir os custos da crise da Covid19 ás traballadoras e os traballadores.

É necesario e urxente actuar con decisión fronte a ameaza grave e real que representa a deslocalización produtiva para o sector do automóbil e que se materializa no feito de que nos últimos 8 anos non se teña constituído ningunha nova empresa do sector na área de Vigo e en que a produción estea equiparada á do ano 2007, antes da crise, mais soportada por un 40% menos de postos de traballo. Iso esixe de políticas públicas, como a posta en marcha dun Plan de Reactivación Industrial e Produtiva da comarca de Vigo, como ten demandado o Bloque Nacionalista Galego no proceso de elaboración dos

orxamentos para este 2021, e que foi rexeitado tanto pola Xunta de Galiza como polo Goberno español. Mais tamén por medidas concretas como a posta en marcha dunha Mesa Galega da Automoción e a rebaixa do custe enerxético a través dunha tarifa eléctrica industrial a nivel galego.

O pequeno e mediano comercio, así como a hostalaría, están a padecer con especial dureza os efectos da crise derivada do coronavirus, polo impacto directo que na súa actividade teñen as restricións de carácter sociosanitario. Neste sentido, é inxustificábel que a cidade de Vigo sexa a única das sete cidades galegas que non ten posto en marcha ningunha liña de axudas directas a nivel municipal para frear o feche de establecementos e a destrución de empregos. Esa ausencia, sumada á insuficiencia manifesta das medidas despregadas por Xunta de Galiza e Goberno do Estado, están a ser letais para a viabilidade dun sector chave para a cidade.

No caso das perruquerías, barberías e centros de estética, esa problemática de carácter xeral derivada da Covid19 engádese á crise estrutural provocada pola decisión inxusta do Goberno español do Partido Popular no ano 2012 de incrementar do 8 ao 21% o tipo de IVE no sector. Unha actividade que na nosa cidade representa preto de 700 establecementos que nun 90% son PEMEs e en moitos casos formas de autoemprego, e no que 8 de cada 10 profesionais son mulleres.

As perruquerías, barberías e centros de estética atravesan unha situación dramática na nosa cidade, xa que, segundo datos do propio sector, xa rexistran perdas por acima do 50% da súa facturación, 1 de cada 5 establecementos ten traballadoras/es en ERTE e un 40% xa tivo que despedir algún empregado/as. Aliás, o 46% das perruquerías, barberías ou centros de estética prevén que terán que fechar definitivamente durante os vindeiros 6 meses.

Polo anterior, urxe que o Goberno español reduza de maneira inmediata o tipo de IVE do 21 ao 10%, o que aliviaría en grande medida a situación crítica nun sector que nos últimos 8 anos viu desaparecer un terzo dos seus establecementos a nivel galego e a destrución de máis de 4 mil postos de traballo en toda Galiza. Ademais é imprescindíbel que a Xunta de Galiza dialogue co sector para adecuar os programas de axudas económicas ás súas características específicas co obxecto de permitir que poidan acceder aos mesmos.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Demandar da Xunta de Galiza e do Goberno español o desenvolvemento dun Plan de reactivación industrial e produtiva na comarca de Vigo, dotado como mínimo de 10 millóns de euros.
2. Instar a Xunta de Galiza e o Goberno español a despregaren unha intervención pública que garanta a continuidade da actividade e do emprego en Barreras, a través da súa conversión nun estaleiro público ou semipúblico, e blinde o futuro do sector da construción naval na cidade de Vigo.
3. Instar a Xunta de Galiza a constituír unha Mesa Galega da Automoción, con participación de CEAGA e das centrais sindicais, a poñer en marcha unha tarifa eléctrica industrial galega reducida e a despregar medidas específicas para enfrontar a ameaza da deslocalización produtiva no sector.

4. Urxir o Goberno municipal á posta en marcha de liñas de axudas directas ao pequeno e mediano comercio e a hostalaría para paliar os efectos da crise sanitaria da Covid19.
5. Urxir o Goberno español a reducir o tipo de IVE no sector das perruquerías, barberías e centros de estética ao 10% para evitar o feche de máis establecementos e a destrución de emprego.
6. Instar a Xunta de Galiza a dialogar co sector das perruquerías, barberías e centros de estética para adecuar os programas de axudas ás súas características específicas e permitir o seu acceso aos mesmos.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

Procédese á votación por puntos.

VOTACIÓN DO PUNTO Nº 1: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitado o punto 1º da moción.

VOTACIÓN DO PUNTO Nº 2: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitado o punto 2º da moción.

VOTACIÓN DO PUNTO Nº 3: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitado o punto 3º da moción.

VOTACIÓN DO PUNTO Nº 4: Con sete votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e

Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitado o punto 4º da moción.

VOTACIÓN DO PUNTO Nº 5: Con sete votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e dezaoto abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda aprobado o punto 5º da moción.

VOTACIÓN DO PUNTO Nº 6: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e vinte e dúas abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda aprobado o punto 6º da moción.

ACORDO:

Aprobar os puntos 5º e 6º da Moción presentada, en data 26.03.2021 (Rex. Nº 2871/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto se transcribe a continuación:

5.- Urxir o Goberno español a reducir o tipo de IVE no sector das perruquerías, barberías e centros de estética ao 10% para evitar o feche de máis establecementos e a destrución de emprego.

6.- Instar a Xunta de Galiza a dialogar co sector das perruquerías, barberías e centros de estética para adecuar os programas de axudas ás súas características específicas e permitir o seu acceso aos mesmos.

11(51). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A POÑER SOLUCIÓN A TÓDALAS CARENCIAS ESTRUTURAIAS

DA CIDADE DE VIGO, NO QUE A COMPETENCIAS ESTATAIS SE REFIRE. REXISTRO PLENO 2873/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de marzo de 2021, número 2873/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A cidade de Vigo está padecendo unha perda de peso específico nas decisións do Goberno do Estado, que ten numerosas materias pendentes cos vigueses. Temos reivindicado, en numerosas ocasións, a reactivación de proxectos urxentes para a cidade, que na súa gran maioría xa foran comprometidos polo Goberno de Mariano Rajoy e que permaneceron durmidos co cambio de Executivo, viron reducida a súa dotación orzamentaria ou desapareceron dos plans do Goberno. Paralelamente, o Executivo central está promovendo cambios legais que poñen en risco a base produtiva e milleiros de empregos de Vigo e de Galicia.

Unhas carencias e unhas decisións que prexudican á mobilidade da cidade, á seguridade viaria, á saúde e ao benestar dos vigueses, aos servizos básicos e á economía familiar, pero tamén á competitividade do tecido empresarial, da industria, especialmente da automoción, do sector pesqueiro e da cadea mar-industria.

No eido das infraestruturas viarias, o Estado ten pendentes varias actuacións na AP-9, como son a instalación de pantallas acústicas e a ampliación do viario en Chapela tras a execución da ampliación da ponte de Rande, imprescindibles para o benestar dos veciños da zona. O mesmo ocorre coa integración urbana da autoestrada entre o centro de Vigo e o enlace de Bos Aires. En canto ao enlace da AP-9 co Ifevi, é irrenunciable para que a ampliación que acomete a Xunta teña uns accesos á altura do recinto feiral. Sen esquecer a liberación da peaxe de Redondela, co efecto positivo que tería na economía familiar dos veciños da cidade e da área.

En materia de estradas tamén é urxente o acondicionamento do tramo urbano da A-55 (Vigo-Tui) na avenida de Madrid, e construír un novo trazado alternativo desta autovía, unha das de maior sinistralidade e tráfico de Galicia, que no 2018 o Goberno de Rajoy incluíu no Plan Extraordinario de Inversión en Estradas. Outro proxecto esquecido polo Goberno central é o soterramento da VG-20 en Navia, vital para solucionar o illamento do barrio por unha estrada pola que circulan 20.000 vehículos diarios. En canto ás infraestruturas ferroviarias, é necesario avanzar na liña de AVE Ourense-Vigo por Cerdedo.

Unhas reivindicacións que se suman á necesidade de implantar as anunciadas bonificacións nas peaxes ou a transferencia da titularidade da AP-9, executar a saída sur e impulsar o corredor Atlántico de mercancías e o AVE Vigo-Oporto.

En canto ao sector industrial, a falta de compromiso coa automoción é outra das preocupacións do Grupo Popular, especialmente pola decisión do Goberno de Sánchez de anular a construción dunha subestación eléctrica que permitiría á planta de Stellantis en Vigo conectarse a unha rede eléctrica moderna e estable. Un proxecto que si estaba incluído na anterior planificación do goberno do PP.

O sector naval precisa tamén que o goberno aprobe este ano o Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación do Naval, que foi subscrito por 15 estaleiros, dos que 8 son galegos, así como por máis de 60 empresas auxiliares, ademais de socios tecnolóxicos, institucións de investigación e universidades. O PERTE do naval, contempla seis liñas tractoras con 21 iniciativas e máis de 90 proxectos que se desenvolverán no período 2021-2026. A súa posta en marcha supoñería un aumento do 6 por cento nas

cifras de negocio do sector, unha mellora da competitividade de ao redor dun 20 por cento e un peso no PIB duns 3.000 millóns de euros. Isto permitiría crear uns 1.700 postos de traballo.

Sobre o sector pesqueiro e a cadea mar-industria, dúas leis que está tramitando o Executivo central prexudican directamente a Vigo e a súa área e teñen en vilo aos sectores máis afectados. Por unha banda, o artigo 18 da Lei de Cambio Climático pon en risco milleiros de empresas e empregos no litoral galego, tal e como veñen alertando as entidades empresariais, podendo ter consecuencias catastróficas para a cadea mar-industria de Vigo. Un impacto que a Confederación de Empresarios de Pontevedra cifrou en 10.000 millóns de euros.

Do mesmo xeito, a Lei de Pesca Sostible está xerando unha grande incerteza no sector pesqueiro pola inseguridade que xera a retirada de cotas, que pode dificultar as renovacións ou modernizacións das frotas.

No eido pesqueiro e portuario, A Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) tivo unha importante presenza en Vigo, onde desenvolveu oito congresos en colaboración coa Asociación Española de Almacenistas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Produtos da Pesca (Conxemar). Na xornada desenvolvida en xuño de 2019, a FAO anunciou a súa intención de crear unha Rede Global de Portos e apuntou a posibilidade de que a sede deste organismo puidese estar na cidade de Vigo, o que debe ser apoiado e solicitado polo goberno.

Tamén resulta primordial solucionar os problemas estruturais do sistema de abastecemento de auga da cidade e a área sur de Pontevedra para evitar que o subministro de auga quede comprometido como xa ocorreu no 2017.

No ámbito cultural e do turismo, o Estado ten pendente executar unha Biblioteca nacional á altura da primeira cidade de Galicia, coas dimensións necesarias para dar un servizo bibliotecario de calidade, sendo inadmisíbel a pretensión do Estado de reducir á metade un servizo tan necesario, especialmente cando non existe unha rede de bibliotecas municipais na cidade.

Tamén é inconcibible a falta de apoios ao Xacobeo, que prexudica especialmente a Vigo, a única cidade europea sen sinalización do Camiño de Santiago pola negativa do goberno local a autorizar á Xunta para estes traballos.

Na sanidade pública, Vigo require máis profesionais para unha mellor atención, e o Estado debe eliminar a taxa de reposición de efectivos en ofertas públicas de emprego e modificar o Real decreto que regula as relacións laborais para formar especialidades.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao Goberno central a colocar de novo a Vigo entre as accións urxentes do Goberno e poñer así solución a todas as carencias estruturais da cidade de Vigo no que a competencias estatais se refire e rectificar naqueles textos legais e medidas que prexudican directamente á cidade, e en concreto:

1. Reactivar todos os proxectos pendentes coa cidade de Vigo nas infraestruturas viarias e ferroviarias, no eido da automoción, no abastecemento de auga coa declaración de actuación de Interese Xeral do Estado, a execución dunha Biblioteca nacional respectando as dimensións iniciais.

2. Cumprir os compromisos acadados polo Goberno de España, nomeadamente sobre a AP-9, a saída sur, o Corredor Atlántico de mercadorías e o AVE Vigo-Oporto.

3. Concretar os apoios ao Xacobeo e manter o apoio á candidatura Illas Cíes-Parque nacional Illas Atlánticas.

4. Realizar os cambios normativos necesarios para garantir a dotación de máis profesionais na sanidade pública que permitan mellora a calidade asistencial en Vigo.

4. Rectificar a Lei de cambio Climático e a Lei de Pesca Sostible naqueles artigos que prexudican directamente a Vigo e Galicia.

5.- Aprobar este ano o Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación (PERTE) do Naval.

6.- Solicitar formalmente á Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura a instalación en Vigo dunha oficina permanente co obxectivo de desenvolver e xestionar unha Rede Global de Portos.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras, Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor, Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.03.2021 (Rex. Nº 2873/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(52). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REALIZAR UNHA ACHEGA ECONÓMICA DE 500.000 EUROS PARA A CELEBRACIÓN DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO”. REXISTRO PLENO 2874/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de marzo de 2021, número 2874/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

Durante os 13 anos deste goberno municipal, apostouse de forma decidida no económico pola celebración do Festival O Marisquiño, incrementando progresivamente a achega económica e converténdose o Concello de Vigo no primeiro e principal patrocinador, coa colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra nos últimos anos, como así se recoñeceu publicamente desde a organización.

Por contra, a Xunta de Galicia dedica 60 millóns ao Xacobeo e 0 euros a Vigo. Utilizando a Axencia de Turismo de Galicia, na promoción do Xacobeo 2021, patrocináronse festivais como O Son do Camiño por 2,5 millóns de euros en contratación a dedo e outros festivais en detrimento do Marisquiño que tanto supón para a cidade de Vigo e para a súa economía.

Sen estar en contra do apoio á industria cultural de Galicia, a Xunta de Galicia debe facer a mesma aposta por un festival tan importante como O Marisquiño e destinar unha achega económica acorde á contribución económica que xera o mesmo para a cidade de Vigo e para Galicia.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a realizar unha achega económica de 500.000 euros para a celebración do Festival O Marisquiño.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.03.2021 (Rex. Nº 2874/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

13(53). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A APROBACIÓN DO PROXECTO DE ELIMINACIÓN DE RISCO DE INUNDACIÓN DO RÍO LAGARES AO SEU PASO POLO POLÍGONO DO CARAMUXO, TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA E EXECUCIÓN INMEDIATA. REXISTRO PLENO 2875/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de marzo de 2021, número 2875/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Concello de Vigo leva moitos anos reclamando a implicación da Xunta de Galicia na preservación, conservación, mellora e posta en valor do río Lagares. En particular leva anos instando a administración autonómica a investir na mellora do Lagares, tal como está a facer a administración municipal non só ca limpeza e conservación do río senón ca loita contra os verquidos irregulares, ca construción de sendas e paseos e ca mellora das infraestruturas de saneamento.

Nos derradeiros meses a Xunta de Galicia, en cumprimento da regulamentación estatal, ven de achegar o Concello un documento denominado Plan Específico para a Xestión do Risco de Inundación da Area de Risco Potencial de Inundación do río Lagares. Dito Plan que, segundo a Xunta declara rematou a súa elaboración en 2020, recolle 5 proxectos a desenvolver na cidade para evitar o risco de inundación, crear áreas de inundación controlada ou mellorar o curso do río. Ditas actuacións se corresponden con actuacións directas para mellorar o cauce do río e polo tanto se corresponden con actuacións no dominio público hidráulico do Lagares competencia da Xunta de Galicia.

A pesar de ter a competencia para adoptar as medidas precisas para evitar o risco de inundacións, a Xunta e Augas de Galicia limítanse a facer recomendacións para incorporar nas revisións de planeamento municipal que terán efecto a medio ou longo prazo. Sen embargo, o organismo autonómico Augas de Galicia ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos, e correspóndenlle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

O goberno de Vigo amosa a súa preocupación polo atraso da Xunta na execución dunhas obras que a propia administración competente, Augas de Galicia, define como imprescindibles. En particular, esperamos que executen de inmediato as obras de ampliación de cauce do río o seu paso polo polígono da Caramuxo co fin de evitar os problemas de inundación que frecuentemente padecen particulares e empresas. Obras cun custe estimado de 1,6 millóns de euros, sen incorporar os servizos afectados, que afectan a 19 parcelas cun custe de expropiación, segundo aparece na primeira versión do documento do Plan, de preto de 5 millóns de euros. Dado que esta actuación no Caramuxo suporía un investimento total de mais 6,8 millóns de euros, cifra que a Xunta pretende investir na mellora do Lagares, creemos imprescindible que a administración autonómica comence esta actuación canto antes.

O mesmo tempo creemos que é preciso destinar mais recursos a eliminación dos riscos de inundación. Riscos para os que o Plan presentado estima necesarios un mínimo de 14,5 millóns de euros de investimento.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

Instar a Xunta de Galicia a:

- Aprobar o proxecto, a tramitación administrativa e executar de inmediato o proxecto de eliminación de risco de inundación do río Lagares o seu paso polo polígono do Caramuxo.
- Solicitar fondos europeos por importe mínimo de 14,5 millóns de euros para executar o conxunto de obras precisas para eliminar o risco de inundación do río Lagares.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

Incidencia. Non se visualiza no momento da votación á Sra. Lago Barreiro.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.03.2021 (Rex. Nº 2875/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

14(54). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O 15.02 AO 17.03.2021. EXPTE. 986/1102 (REXISTRO PLENO 2862/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 15.02 ao 17.03.21) incluídas no expediente 986/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

15(55). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS DENDE O 15.02 AO 17.03.2021. EXPTE. 987/1102 (REXISTRO PLENO 2863/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 15.02 ao 17.03.21) incluídas no expediente 987/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

MOCIÓNS DE CONTROL

16(56). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOBRE CONTROL DE PREZOS DE ALUGUEIROS ABUSIVOS, GARANTÍAS PARA PERSOAS ARRENDATARIAS E PEQUENOS PROPIETARIOS/AS. REXISTRO PLENO 2865/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de marzo de 2021, número 2865/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

MOCIÓN SOBRE CONTROL DE PREZOS DE ALUGUEIROS ABUSIVOS, GARANTÍAS PARA PERSOAS ARRENDATARIAS E PEQUENOS PROPIETARIOS/AS.

A especulación no prezo dos alugueiros é unha realidade que sofren actualmente centos de cidades en Europa e tamén no estado. Segundo os datos do Banco de España, os alugueiros aumentaron un 50% nos últimos dez anos, unha suba significativa sobre todo en grandes cidades como Madrid, Barcelona ou Valencia, así como en varios enclaves do turismo como as Illas Baleares ou as Illas Canarias. En paralelo, os salarios non seguiron a mesma senda e a precariedade é a tónica xeral no mercado laboral. A OCDE sinala que o 24,7% dos fogares tiña un gasto en vivenda de alugueiro superior ao 40% dos seus ingresos netos en 2014, fronte ao 13,1% rexistrado no promedio da OCDE, polo que esta proporción haberá aumentado coa escalada de prezos actual.

Segundo datos de Eurostat, no conxunto do estado, arredor de catro de cada dez persoas que viven en alugueiro destinan máis do 40% dos ingresos familiares ao pago do alugueiro, un dos índices máis altos de toda a Unión Europea (UE), só superado por Grecia e Lituania. Dedicar máis do 40% da renda familiar ao pago da vivenda é considerado pola UE como un cargo excesivo para a economía dun fogar. Na nosa cidade, segundo datos do Instituto Galego de Estatística o gasto medio mensual so entre os anos 2018 e 2019 un 15%, o incremento máis alto da última década

O incremento dos alugueiros non se corresponde coa mellora na capacidade adquisitiva da poboación. Segundo o estudo *El Estado de la Pobreza. España 2019 IX Informe anual sobre el riesgo de pobreza y exclusión* realizado pola Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social EAPN España, un total de 12.188.288 persoas, que supoñen que o 26,1% da poboación no conxunto do estado está en risco de pobreza e exclusión social. O estado español é o segundo país da UE, tras Chipre, onde máis creceu a desigualdade de renda, 20 máis que o promedio europeo. Ao descenso de salarios debemos sumar os casos de centos de familias obrigadas a buscar outro piso con prezos inasumibles e co risco de ser expulsadas das súas casas porque non poden pagar o alugueiro. Mais non só son expulsadas das súas vivendas, senón tamén dos seus barros,

que perden a súa veciñanza e se transforman así en redutos para o turismo ou en zonas residenciais só para persoas con alto nivel adquisitivo.

Segundo o estudo *Efectos da crise económica nos órganos xudiciais*, que publicou a Sección de Estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial, os últimos datos estatísticos dispoñibles para o conxunto do estado corresponden a 2019. O número de lanzamentos practicados durante o 2019 foi de 36.467, dos cales, un 67,5% do total foi consecuencia de procedementos derivados da Lei de Arrendamentos Urbanos (LAU), mentres que outros 14.193 (o 26%) foron derivados de execucións hipotecarias. Os 3.346 restantes obedeceron a outras causas.

Tras a crise económica do 2018, a historia repítese, e as familias volven enfrontar problemas económicos, esta vez derivados dunha pandemia mundial provocada polo virus da Covid-19. Unha vez máis, as familias teñen que facer un maior esforzo económico para desfrutar dunha vivenda. A política de non intervención pública sobre o mercado da vivenda xerou unha tendencia alcista dos prezos e unha crise de accesibilidade a este ben que ten provocado a expulsión dos sectores da poboación con menos recursos.

A crise do coronavirus está xa agravando esta situación. Coa paralización de gran parte da actividade económica por mor da epidemia da Covid-19, moitas das persoas que están pagando unha hipoteca ou vivindo de alugueiro están tendo grandes dificultades para seguir facéndoo. Se ben antes da covid as familias sufrían a asfixia dos prezos de alugueiro e do endebedamento que xa arrastraban da crise anterior, agora o panorama resulta alarmante: a saída do confinamento abre un escenario cheo de incerteza ante a posible suba da taxa de desemprego e a caída do crecemento económico. Neste contexto, multiplícanse as dificultades para o acceso a unha vivenda, multiplícase o endebedamento familiar ou directamente a perda da vivenda, especialmente para as familias máis vulnerables.

A crise do coronavirus e o seu impacto sobre o mercado inmobiliario debe servir para reivindicar a necesidade de garantir o dereito a unha vivenda digna e adecuada recollido no artigo 47 da Constitución e tamén para reverter as políticas de mercantilización, debuxando un horizonte normativo no que a vivenda cumpra a súa función social e non sexa mera mercadoría ou un activo obxecto de especulación. É, agora, cando se nos presenta a oportunidade de articular un verdadeiro sistema público de vivenda.

Vigo sigue sendo unha cidade onde o risco de pobreza sigue estancado no 21%, entendendo este como fogares nos que os ingresos están por debaixo dos 8.011 euros anuais, e neste contexto o acceso á vivenda comenza a ser un serio obstáculo para as familias, nun contexto ademais no que hai unha ausencia total de vivenda con algún tipo de promoción pública e con máis de 18.588 vivendas baleiras segundo os propios datos da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias.

Como consecuencia, os concellos non poden dar resposta á emerxencia diaria dos desafuzamentos, á ocupación de vivendas baleiras ou á infravivenda, nin tampouco ofrecer unha solución a aquelas persoas que precisan acceder a unha vivenda a prezos inferiores aos do mercado. Mentres tanto, a SAREB acumula vivendas baleiras de entidades financeiras rescatadas con diñeiro público que, na súa gran maioría, vende ou traspasa a súa xestión a fondos de investimento, inmobiliarias ou outros xestores de vivenda. Segundo os últimos datos facilitados pola propia SAREB, ata marzo do 2020, tan só 2.400 vivendas da súa carteira foron cedidas a administracións autonómicas e concellos. Unha cifra irrisoria se se ten en conta que en xuño do 2014 declaraba ter aínda

en carteira máis de 45.000 vivendas residenciais. Pisos que, por tanto, seguen engrosando o parque de vivendas baleiras

A pesar das medidas de urxencia tomadas ata agora polo Goberno do estado en relación ás rendas de alugueiro, dirixidas a amortecer o impacto da crise sanitaria sobre os arrendatarios en situación de maior vulnerabilidade socioeconómica, precísanse reformas estruturais en materia de regulación do acceso á vivenda, encamiñadas a considerala coma un ben de primeira necesidade antes que coma un investimento, na liña do mandato contido no artigo 47 da Constitución. Ao igual que na crise do 2008, atopámonos ante un mercado especulativo, con forte presenza de capitais de investimento internacionais, que fan previsible o afundimento dos prezos e que pode xerar novas oportunidades para a intervención de fondos voitres oportunistas que sobrevoan o mercado no conxunto do estado.

É necesario comprender que a posibilidade de regulación dos prezos de alugueiro asegura unha rendabilidade económica proporcionada do alugueiro a longo prazo para as e os propietarios, equilibrando así o dereito á liberdade de empresa e ao dereito á propiedade privada en relación ao dereito de acceso a unha vivenda digna e o cumprimento da función social da propiedade. O existente desequilibrio na negociación da renda entre a parte arrendadora e a parte arrendataria, en escenarios de escaseza de oferta e tensión dos prezos, comporta que o prezo sexa determinado de forma unilateral pola parte arrendadora, sendo a maioría das veces unha carga desproporcionada en relación aos ingresos familiares.

Pero pese a que todo isto xustifica a necesidade da intervención dos poderes públicos na regulación dun elemento esencial na relación contractual, como é o prezo e pese ao acordo suscrito entre os socios do Goberno de coalición, PSOE-Unidas Podemos, sorpresivamente a proposta do Ministro Ábalos parece inclinarse por conter os prezos cunha bonificación do 90% aos propietarios e só no que consideran “zonas de tensionamento inmobiliario” a cambio de que o propietario rebaixe cando menos un 10% do prezo do alugueiro ao inquilino. Unha proposta inasumible e que incumpre flagrantemente o acordado.

Fronte a esta resposta tibia, o que cómpre nestes momentos, acabar cos prezos abusivos é urxente, especialmente nunha situación de crise sanitaria, social e económica, onde os ingresos das traballadoras e traballadores pódense reducir dun xeito significativo. E é necesario ademais adoptar mecanismos que garantan o cumprimento efectivo do dereito a unha vivenda digna e adecuada para todas as persoas.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:

ACORDOS:

1. Instar ao Congreso dos Deputados e Deputadas a rexeitar a proposta lanzada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, e a aprobar no seu lugar unha verdadeira Lei Estatal de Vivenda, que permita o seu desenvolvemento no marco das competencias das CCAA e municipios, que blinde a función social da vivenda e asegure o cumprimento efectivo e o respecto do dereito a unha vivenda digna adecuada recollido no artigo 47 da Constitución, incluíndo o acceso aos suministros básicos.

2. Instar ao Goberno do estado e á Xunta de Galicia no marco das súas competencias a adoptar mecanismos que garantan o cumprimento das obrigas internacionais en materia de dereito á vivenda contidas no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais y Culturais, as Observacións xerais Nº4 e Nº7 do Comité DESC, e a Convención sobre os Dereitos do Neno, así como as resolucións e ditames do Comité DESC en materia de vivenda e garantir a súa aplicación inmediata e vinculante en casos de desaloxo forzoso sen alternativa habitacional.

3. Instar ao Congreso dos Deputados e Deputadas a legislar para regular o mercado de alugueiro de vivendas, impedindo prezos abusivos nos contratos de arrendamento de vivenda mediante mecanismos de control de prezos e promovendo baixadas de prezos tanto en contratos en vigor como en contratos futuros.

3. Instar á Xunta de Galicia, no marco das súas competencias en materia de vivenda a garantir un alugueiro estable, seguro e accesible, aumentando o Parque Público de Vivenda en alugueiro social, adoptando mecanismos para a cesión obrigatoria e temporal de vivenda baleira en mans de grandes tedores de vivenda á Administración

4. Instar ao Goberno local a estudar a creación dun PARQUE MUNICIPAL DE VIVENDA DE EMERXENCIA con vivendas procedentes de cesións da SAREB, aproveitamentos lucrativos de convenios urbanísticos e cesións voluntarias de activos de entidades bancarias.

5. Instar ao Goberno local a desenvolver un estudo sobre o uso da vivenda en todo o termo municipal de cara a regular a compatibilidade entre vivendas de uso turístico e vivendas de uso residencial co obxectivo de garantir a existencia dunha bolsa suficiente de vivendas para o seu alugueiro.

6. Instar ao Goberno local a apertura inmediata dunha oficina específica e descrentalizada nos centros de distrito a ser posible, para o asesoramento de políticas de vivenda, situacións de emerxencia e vulnerabilidade e obtención de axudas habitacionais. “

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e vinte e dous votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 24.03.2021 (Rex. Nº 2865/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

17(57).- Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, referente ao proceso de novas altas de persoas beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar.

18(58).- Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa, referente á construción dun paso elevado para peóns na Rúa Padre Seixas.

19(59).- Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, referente a que permitan a sinalización do camiño xacobeo ao seu paso por Vigo.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

20(60).- Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, referente ás actuacións a desenvolver para mellorar a eficiencia das EDAR.

21(61).- Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal Mixto Sra. Méndez Fuentes, referente a cando se vai arranxar as barandas da parte alta do Castro.

22(62).- Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, referente ao pago de nocturnidade e festividade do persoal.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

ACTA DE REUNION

Generada el Lunes, 5 de Abril de 2021 11:06:30

=====

Asunto : Pleno ordinario Marzo
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 31 de Marzo de 2021 09:10:23
Fecha Fin : Miércoles, 31 de Marzo de 2021 13:02:49
Duración : 03:52:26

- HTML -----

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3062

- Media -----

[1] Windows Media Video 1280x720, 2.7 GiB (Video)
SHA512 - 3e19cc08c7bd03aba080359b7ab67e83a708b11fb05cde44b721a1f30ed06a8686250eb
4457c2aafa47751fac573ea93ee9323237e23513f5ff9eb8b27445040

- Minutaje -----

00:00:01 - Asistentes : Rivas González, Ángel; Estévez Rodríguez, Pablo Luis; Lago Barreiro, María del Carmen; Fernández Pérez, José Manuel; Iglesias González, Ana Laura; Marco González Castillo, Jesús; Méndez Fuentes, Oriana; Rodríguez Calviño, Patricia; Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Meiriño, Alicia; Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; Losada Álvarez, Abel; Lopéz Font, Carlos; Aneiros Pereira, Jaime; Blanco Iglesias, María Eugenia; Gómez Díaz, Gorka; Aguiar Castro, Yolanda; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Pérez Correa, Rubén; Pérez Igrexas, Xabier; López Román, Patricia; Mejías Sacaluga, Ana María;

00:02:40 - Caballero Álvarez, Abel

00:03:14 : 1.- Actas anteriores: Ordinaria do 27 de xaneiro e ordinaria do 24 defebreiro do 2021.

00:03:30 : 2.- Declaración Institucional presentada pola Federación Galega de enfermidades raras e crónicas (FEGEREC) polo Día Mundial das enfermidades raras 2021. Rexistro Pleno 2842/1101.

00:09:30 - Caballero Álvarez, Abel

00:09:55 : 3.- Modificación Orzamentaria nº 23/2021. Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario financiado con remanente líquido de Tesourería. Expte. 830/441 (Rexistro Pleno 2848/1101).

00:10:13 - Aneiros Pereira, Jaime

00:15:24 - Caballero Álvarez, Abel

00:15:30 - Pérez Iglesias, Xabier

00:17:35 - Caballero Álvarez, Abel

00:17:38 - Pérez Correa, Rubén

00:22:44 - Caballero Álvarez, Abel

00:22:48 - Marnotes González, Jose Alfonso

00:27:53 - Caballero Álvarez, Abel

00:27:56 - Aneiros Pereira, Jaime

00:29:10 - Caballero Álvarez, Abel

00:29:17 - Aneiros Pereira, Jaime

00:31:02 - Caballero Álvarez, Abel

00:31:16 - Caballero Álvarez, Abel

00:31:30 - Votación [9:41:49]

00:32:09 - Votación 9:41:32

00:32:28 : 4.- Aprobación inicial do proxecto de modificación da Ordenanza reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil. Expte. 2701/500. (Rexistro Pleno 2846/1101)

00:32:44 - Aneiros Pereira, Jaime

00:37:49 - Caballero Álvarez, Abel
 00:37:53 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:39:56 - Caballero Álvarez, Abel
 00:39:58 - Pérez Correa, Rubén
 00:45:11 - Caballero Álvarez, Abel
 00:45:16 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:47:41 - Caballero Álvarez, Abel
 00:47:46 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:50:55 - Caballero Álvarez, Abel
 00:51:01 - Votación [10:01:27]

00:51:45 : 5.- Dar conta da Resolución da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento do Concello e do seu Organismo Autónomo Xerencia

00:52:01 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:57:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:57:36 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:59:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:59:47 - Pérez Correa, Rubén
 01:04:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:05:01 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:10:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:10:22 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:13:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

01:13:57 : 6.- Dar conta do informe da Intervención e do resumo dos resultados do control interno do exercicio 2020. Expte. 102816/140 (Rexistro Pleno 2845/1101)

01:14:09 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:25:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:25:29 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:29:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:29:39 - Pérez Correa, Rubén
 01:39:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:39:16 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:47:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:47:31 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:49:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:49:13 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:54:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:55:36 - Minuto de silencio victimas violencia de xenero
 01:56:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

01:56:53 : 10.- Moción do concelleiro membro non adscrito sobre as medidas necesarias fronte á crise industrial e comercial na cidade de Vigo. Rexistro Pleno 271/1101.

01:57:03 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:59:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:59:19 - Pérez Correa, Rubén
 02:04:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:04:45 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:08:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:08:58 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 02:14:11 - Caballero Álvarez, Abel
 02:14:17 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:15:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:15:36 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 02:15:48 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:15:58 - Caballero Álvarez, Abel

02:16:12 - Votación [11:26:30]
 02:17:09 - Votación 11:27:32
 02:17:59 - Votación 11:28:22
 02:18:41 - Votación 11:29:04
 02:19:11 - Votación 11:29:34
 02:19:41 - Votación 11:30:04

02:20:23 : 11.- Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno central a poñer solución a tódalas carencias estruturais da cidade de Vigo, no que a competencias estatais se refire. Rexistro Pleno 273/1101.

02:20:36 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:25:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:25:59 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:28:02 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:28:05 - Pérez Correa, Rubén
 02:33:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:33:34 - López Font, Carlos
 02:38:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:38:54 - Marnotes González, Jose Alfonso
 02:42:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:42:27 - Votación [11:52:53]

02:43:11 : 12.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a realizar unha achega económica de 500.000 euros para a celebración do festival 'O Marisquiño'. Rexistro Pleno 274/1101.

02:43:23 - Estévez Rodríguez, Pablo
 02:48:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:48:37 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:50:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:50:49 - Pérez Correa, Rubén
 02:55:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:56:18 - Egerique Mosquera, Teresa
 03:01:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:01:33 - Estévez Rodríguez, Pablo
 03:04:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:04:44 - Votación [12:15:10]

03:05:09 : 13.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a aprobación do proxecto de eliminación de risco de inundación do río Lagares ao seu paso polo polígono do Caramuxo, tramitación administrativa e execución inmediata. Rexistro Pleno 2875/1101.

03:05:32 - Caride Estévez, María José
 03:10:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:10:49 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:12:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:13:06 - Méndez Fuentes, Oriana
 03:17:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:17:20 - Gonzalez Castillo, Jesús Marco
 03:22:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:22:20 - Caride Estévez, María José
 03:25:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:25:54 - Votación [12:36:20]

03:26:28 : 14.- Dar conta de resolucións da Alcaldía dende o 15.02 ao 17.03.2021. Expte. 986/1102 (Rexistro Pleno 2862/1101).

03:26:39 : 15.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as

delegados/as dende o 15.02 ao 17.03.2021. Expte. 987/1102
(Rexistro Pleno 2863/1101.

- 03:26:53 : 16.- Moción do grupo municipal Mixto sobre control de prezos de alugueiros abusivos, garantías para persoas arrendatarias e pequenos propietarios/as. Rexistro Pleno 2865/1101.
- 03:27:16 - Méndez Fuentes, Oriana
03:32:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:32:31 - Pérez Iglesias, Xabier
03:35:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:35:18 - Lopez Roman, Patricia
03:40:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:40:18 - Caride Estévez, María José
03:45:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:46:04 - Méndez Fuentes, Oriana
03:49:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:49:18 - Votación [12:59:44]
- 03:49:52 : 17.- Formulación de rogos.
03:49:54 - Pérez Iglesias, Xabier
03:50:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:50:12 - Pérez Correa, Rubén
03:50:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:50:34 - Marnotes González, Jose Alfonso
03:50:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:50:51 : Preguntas
03:50:54 - Pérez Iglesias, Xabier
03:51:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:51:21 - Méndez Fuentes, Oriana
03:51:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:51:44 - Marnotes González, Jose Alfonso
03:51:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e trinta minutos redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 3/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.

am.

A PRESIDENCIA O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Abel Caballero Álvarez José Riesgo Boluda
Javier Pardo Espiñeira

